

ESTUDIO DE SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL
IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO

TOMO IV

DOCUMENTO PARA APROBACION DEFINITIVA

XULLO 2009
CONCELLO DE LAXE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

P.X.O.M.

CONCELLO DE LAXE
PROVINCIA DE A CORUÑA

DIRECTOR DO EQUIPO:
ALFREDO GARROTE PAZOS
Col.: 1440

ARQUITECTOS COLABORADORES:
MONICA MESEJO CONDE
Col.: 1475

IRIA PÉREZ MIRANDA
Col.: 3194

Este traballo foi realizado pola empresa:

signo
ingeniería del territorio

ÍNDICE

A. INTRODUCIÓN 3

B. DIAGNÓSTICO AMBIENTAL DO TERRITORIO 5

1. ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL 5

1.1. OBXECTIVOS 5

1.2. XUSTIFICACIÓN E METODOLOXÍA 5

2. ESTUDO DA PAISAXE 8

2.1. INTRODUCCIÓN 8

2.2. OBXECTIVOS 9

2.3. VALORACIÓN DA PAISAXE : METODOLOXÍA E RESULTADOS 9

2.3.1. CALIDADE VISUAL DA PAISAXE 10

2.3.1.1. Calidade visual intrínseca da paisaxe. 10

2.3.1.2. Calidade visual extrínseca da paisaxe. 12

2.3.2. FRAXILIDADE VISUAL DA PAISAXE 13

2.3.2.1. Fraxilidade visual intrínseca da paisaxe. 13

2.3.3. INTERESE PAISAXÍSTICO 15

2.3.4. ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO 16

2.3.4.1. Delimitación das áreas de interese paisaxístico 16

2.3.4.2. Descrición das áreas de interese paisaxístico 17

2.3.4.3. Asignación de puntos e elementos de observación con calidade visual 18

2.4. PREVENCIÓN DE IMPACTOS E BARREIRAS VISUAIS 20

3. DELIMITACIÓN E DESCRICIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS 21

3.1. OBXECTIVOS 21

3.2. XUSTIFICACIÓN 21

3.3. DESCRICIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS 22

C. AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE LAXE 29

1. IDENTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS DERIVADAS DO PXOM 29
2. IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS 30
3. VALORACIÓN DE IMPACTOS 37
4. CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PXOM DE LAXE 67

D. MEDIDAS CORRECTORAS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN SOSTIBLES 71

E. BIBLIOGRAFÍA 74

F. ANEXOS 76

G. CARTOGRAFÍA 114

A. INTRODUCIÓN

A lei 9/2000, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia supuxo a implantación dunha disciplina urbanística e unha visión proteccionista para a ordenación do territorio galego a escala local. Como mostra desta preocupación polo medio rural e o equilibrio territorial, ademais das determinacións implicadas en cada un dos seus artigos, esixe a presentación de dous novos documentos: o estudo do medio rural e o estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico. O primeiro supón o coñecemento do territorio a ordenar, mentres que o segundo valórao e analiza as repercusións do planeamento sobre o mesmo.

Este documento correspóndese co estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, que segundo a mesma lei "terá por obxecto a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do plano xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción das medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos e a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos necesarios para garantir os novos desenvolvementos en condicións da calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural".

Para abordar este estudo no caso do Plano Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Laxe estruturouse o traballo en tres fases ou módulos principais: Diagnóstico do territorio, determinación e valoración de impactos e, finalmente, medidas correctoras.

O obxectivo da primeira fase de diagnóstico é a valoración do territorio do municipio, co fin de identificar e valorar o seu patrimonio natural. Para iso, consideráronse de forma independente as características singulares ou representativas dos distintos factores físico- naturais do medio e da paisaxe.

Así, chegouse a unhas Áreas de Interese Ambiental, caracterizadas polos seus valores xeolóxicos, xeomorfolóxicos, hidrolóxicos, botánicos, faunísticos e/ou ecolóxicos; e a unhas Áreas de Interese Paisaxístico, resultado dun estudo de calidade e fraxilidade visual. Esta separación formal debeuse á importancia e predominancia do recurso paisaxe no contexto galego. Ademais, desta análise e valoración do territorio laxense, realizouse unha interpretación do mesmo que facilitara a posterior tarefa de valoración das repercusións do PXOM. Esta interpretación consistiu na división do territorio municipal en unidades homoxéneas segundo determinados factores ou dimensións da realidade (fisiografía, usos do solo e as clasificacións do solo urbanísticas, principalmente). Desta maneira, estruturouse a realidade territorial en cinco unidades ambientais para facilitar a identificación e calificación dos posíbeis impactos do PXOM sobre todo o espazo municipal, e non só sobre as áreas de maior calidade ambiental.

Para esta segunda fase do estudo, primeiro identificáronse as accións do PXOM susceptíbeis de provocar impactos ambientais e/ou territoriais. Unha vez identificadas foron levadas a matrices de identificación de impactos de Leopold, unha para cada unidade ambiental. Sen embargo, unha vez identificadas as afeccións, a súa valoración topouse con un inconveniente: a inexistencia de datos de calidade dos distintos factores físico-naturais ou subfactores do municipio, sobre os que poder realizar unha valoración cuantitativa baseada en indicadores. De aí que se procedese a unha valoración cualitativa de cada impacto identificado. Esta calificación realizouse analizando as repercusións de cada acción seleccionada do PXOM en cada unidade ambiental. Para concluír este módulo resumíronse os principais impactos analizados e valorados anteriormente, segmentándoo segundo as cinco unidades ambientais.

Finalmente, as medidas correctoras cerran o estudo. Deseñáronse atendendo aos impactos producidos polo desenvolvemento das accións do PXOM, e aos impactos producidos pola ausencia de determinadas accións. É por iso que foron estruturadas segundo as determinacións do PXOM seleccionadas.

No último capítulo deste estudo figuran os anexos. Trátase, en primeiro lugar, dos inventarios de flora e fauna do municipio, elaborados polo equipo redactor a partir da bibliografía xeral de Galicia e os mapas de distribución de atlas e libros vermellos da Península Ibérica, corroborando os resultados con traballo de campo. O seguinte anexo correspóndese coa sección ponderativa e cuantitativa do estudo de paisaxe. O terceiro anexo é o fotográfico, o cal recolle as imaxes das Áreas de Interese Paisaxístico, e outras xerais do concello. Por último e, quizais sexa o máis significativo, atópase o anexo cartográfico onde figuran os principais mapas do estudo. Estes están intimamente relacionados cos mapas do estudo do medio rural (froito da dixitalización de mapas elaborados por distintas institucións), de maneira que son a resulta da análise realizada coa tecnoloxía e ferramentas SIG sobre os primeiros e co traballo de campo.

B. DIAGNÓSTICO AMBIENTAL DO TERRITORIO

Despois do estudo das principais variables ambientais do territorio de Laxe, levado a cabo no estudo del medio rural, este diagnóstico ambiental vaise centrar na procura de Áreas de Interese Ambiental (AIA), por un lado, e na división do concello en unidades homoxéneas coa finalidade de facilitar a posterior avaliación ambiental das determinacións do PXOM sobre o territorio municipal, por outro. No primeiro caso, a importancia da paisaxe no contexto galego, fixo considerar máis adecuado a realización dun estudo da paisaxe independente da análise efectuada na búsqueda das AIA, de maneira que ao final obteranse dous tipos de áreas de interese: as Áreas de Interese Ambiental (AIA) propiamente ditas, debidas a valores destacables en calquera das variables ambientais estudadas; e as Áreas de Interese Paisaxístico (AIP) relevantes polos seus valores unicamente paisaxísticos.

1. ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL

1.1. OBXECTIVOS

A delimitación dunhas Áreas de Interese Ambiental resulta fundamental para concentrar e aumentar a efectividade dos esforzos na compatibilidade das actividades humanas co medio no que se desenrolan.

Así, por un lado, revalorízase a riqueza ambiental do territorio, podendo converterse nun recurso máis do municipio; e doutro lado, inténtanse conservar aquelas áreas máis relevantes que contribúen á consideración do patrimonio natural de Laxe.

En definitiva, a finalidade da búsqueda destas Áreas de Interese Ambiental é a proposta de áreas susceptibles de ser clasificadas como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, como obxectivo principal. Segundo as circunstancias, estas áreas simplemente levarán asignada unha afección dentro doutra clasificación de Solo Rústico de Protección.

1.2. XUSTIFICACIÓN E METODOLOXÍA

A primeira tarefa con que se inicia a delimitación de Áreas de Interese Ambiental é a búsqueda de espazos naturais protexidos pola lexislación ambiental, incluíndo tamén os hábitats contemplados na directiva HÁBITATS, cartografados a escala 1:50.000 polo Ministerio de Medio Ambiente. Á mesma vez continúase coa aproximación á situación ambiental de Laxe a partir da procura bibliográfica de información ambiental e da fotointerpretación do territorio. Despois inícianse os traballos de campo.

Tras deles, chegouse a conclusión de que, en xeral, o espazo territorial de Laxe, destaca polo seus valores xeomorfolóxicos, sobre todo, e unidos a estes, os valores didácticos, posto que trátase de procesos xeomorfolóxicos asociados ó litoral galego. Ademais atópanse ecosistemas de moi elevada riqueza e produtividade ecolóxica, como son as lagoas litorais así como de elevada singularidade e riqueza como os sistemas dunares.

Con esta visión, identificáronse 7 áreas que destacaban polos seus valores xeomorfolóxicos, botánicos, zoolóxicos e/ou ecolóxicos, principalmente. A súa delimitación levouse a cabo sobre a cartografía básica 1:5000 realizada para a elaboración do PXOM.

1. Costa da morte

    1.1. Penedos Costeiros de Traba.
    1.2. Praia de Traba.
    1.3. Lagoa de Traba.
    1.4. Praia de Arnao.
    1.5. Praia de Soesto.
    1.6. Praia de Laxe.
    1.7. Brañas Mouras.

2. Penedos de Traba.
3. Torre da Moa
4. Monte da Mina ou Coto da Lagoa.

De todas estas Áreas de Interese Ambiental, só a Costa da morte atópase incluída na proposta da Rede Natura 2000 como Lugares de Interese Comunitario (LIC), e ademais preséntase protexida baixo unha réxime de protección xeral coa figura de Zona de Especial Protección dos valores naturais, debendo figurar así, delimitada como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais. Debido á extensión desta AIA, considerouse oportuno resaltar coma subáreas de interese ambiental, as zonas onde se atopan moi resaltados os valores polos que se incluíu na proposta da Rede Natura 2000.

Ademais, delimitouse a Área de Interese Ambiental 4, Monte da Mina ou Coto da Lagoa, por presentar fragmentos do hábitat prioritario 4020, uceiras húmidas atlánticas de zonas monas de *Erica cirliaris* e *Erica tetralix*.

Cómpre mencionar, aínda que non proceda a súa delimitación cartográfica, como Área de Interese Ambiental, a existencia de comunidades betónicas de algas e invertebrados arredor da

Punta de Laxe, aproximadamente. Trátase de comunidades fundamentais na cadea trófica mariña do litoral, constituíndo a base da riqueza pesqueira das rías, e do litoral galego en xeral.

A continuación, preséntanse as fichas que analizan exhaustivamente cada Área de Interese Ambiental, modelo do cal figura nas páxinas seguintes. Nelas detállase a súa ordenación proposta no PXOM, descríbese cada AIA, valórase dunha forma cualitativa e sinálanse as principais ameazas ás que están expostas e sobre as que se debería actuar de maneira preventiva, nuns casos, e correctiva noutros.

2. ESTUDO DA PAISAXE

2.1. INTRODUCCIÓN

A paisaxe supón para Galicia o estandarte da súa riqueza territorial. De aí que os instrumentos de ordenación do territorio se preocupen por consideralo nas súas tarefas. Para iso, precísase o seu coñecemento e a realización dunha valoración en función dos obxectivos perseguidos.

Sen embargo, os estudos paisaxísticos atópanse con innumerabeis obstáculos derivados da súa elevada dimensión subxectiva. E é que xa na propia definición da paisaxe xurden as primeiras dificuldades, como se deriva da afirmación de Español, I.M., 1998: "por paisaxe enténdese natureza, territorio, área xeográfica, medio ambiente, escenario, ambiente cotián, entorno dun punto, pero ante todo e en tódolos casos, a paisaxe é manifestación externa, imaxe e sensación de desfrute ou apreciación". Debido a esta última idea, a compoñente subxectiva da paisaxe convértese na maioritaria e na causa da incapacidade de sistematizar o seu estudo.

De forma global, este estudo pode abordarse desde dúas aproximacións: a paisaxe total e a paisaxe visual. A paisaxe total supón unha visión integral e sintética do territorio, das súas compoñentes e as súas relacións estruturais e funcionais. A súa valoración enténdese entón como a análise do funcionamento dos sistemas territoriais, en definitiva, dos fenómenos naturais e antrópicos.

En cambio, na segunda aproximación, a paisaxe figura como a expresión espacial e visual do medio, é dicir, o que un observador percebe ao contemplar o territorio (Martínez, Martín e Romero, 2003).

Dado que previamente a este estudo da paisaxe xa se realizou unha análise do territorio do concello de Laxe (no estudo do medio rural) e, xa no apartado anterior, se detallaron Áreas de Interese Ambiental, considerouse máis oportuno optar pola segunda aproximación da paisaxe para a súa valoración. Desta maneira este estudo paisaxístico vaise centrar na dimensión estética da paisaxe.

Sen embargo, dado o contido do artigo 32.g da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xunto coa modificación materializada na lei 15/2004, o solo rústico de protección de interese paisaxístico debe estar "constituído polos terreos lindantes coas estradas e demais vías públicas, exteriores aos núcleos rurais e ao solo urbano, que ofrezan vistas panorámicas do territorio, do mar, do curso dos ríos ou dos vales, dos monumentos ou

edificacións de singular valor, así como os accesos a fitos paisaxísticos significativos e os propios fitos".

Así, neste estudo de paisaxe, centrado principalmente na búsqueda de zonas cun elevado interese paisaxístico, tamén se identificarán aquelas áreas máis vulnerables visualmente.

2.2. OBXECTIVOS

O principal obxectivo deste estudo da paisaxe é a **proposta de áreas** susceptibles de ser protexidas baixo a clasificación de **Solo Rústico de Protección de Interese Paisaxístico.**

Para iso, seguiranse dous criterios, en función dos cales resultarán dous tipos de áreas a protexer: **1)** Obtención dunha valoración da paisaxe en función do seu **atractivo estético**, utilizando para iso a dimensión visual da mesma. Este valor estético servirá para chegar a establecer Áreas de Interese Paisaxístico que as determinacións urbanísticas se encargarán de xestionar de forma sostible, de maneira que se compatibilicen os usos coa conservación dos seus valores estéticos; **2) Prevención** de posibles **impactos e barreiras visuais**, identificando para iso as zonas máis accesibles visualmente nas que a edificación suporía unha diminución considerable da calidade paisaxística.

2.3. VALORACIÓN DA PAISAXE: METODOLOXÍA E RESULTADOS

Para valorar a dimensión estética da paisaxe optouse polo estudo da súa calidade visual e a súa fraxilidade visual.

A calidade visual enténdese como a valoración estética do territorio, na mentres que a fraxilidade fai referencia á susceptibilidade dunha paisaxe cando se desenvolve un uso ou actividade sobre ela, o cal é directamente proporcional á súa capacidade para ser observada. Así, se se coñece a calidade visual de, por exemplo, un punto e tamén se dispón da súa probabilidade de ser observado, é posíbel chegar á conclusión de se é ou non un punto de interese paisaxístico.

Utilizouse para o estudo de ambas variábeis un método indirecto baseado na combinación de escalas cualitativas e cuantitativas para a medición das compoñentes da paisaxe. Ademais, non se definiron unidades irregulares da paisaxe previas, senón que se realizou unha análise sistemática do territorio referindo os datos a unha malla poligonal cadrada de 10x10 metros, de maneira que cada retícula actúa como unha unidade da paisaxe. Trátase pois de unidades regulares de paisaxe.

2.3.1. CALIDADE VISUAL DA PAISAXE

O valor estético do territorio abranguido polo municipio de Laxe vaise valorar en cada unha das celas da malla cadrada anteriormente citada.

É preciso aclarar que a calidade visual da paisaxe presenta á súa vez dúas dimensións: a calidade visual intrínseca e a calidade visual extrínseca. A primeira delas refírese ao atractivo estético asociado a cada cela, na mentres que a calidade visual extrínseca considera os elementos atractivos e negativos (que aumentan e diminúen o atractivo visual, respectivamente) que son observábeis desde cada cela a unha distancia dada.

2.3.1.1. Calidade visual intrínseca da paisaxe.

As variábeis que se consideraron para valorar a calidade visual intrínseca foron as seguintes:

a) Tipos de ocupación do solo, usos do solo.
b) Diversidade da ocupación do solo, heteroxeneidade.
c) Xeomorfoloxía.

Os criterios de valoración utilizados en cada unha delas foron resultado da consulta a peritos do ámbito xeográfico afectado e á consideración de diversos autores (Martínez, Martín e Romeiro, 2003; Alberruche do Campo, 2002).

a) Tipos de ocupación do solo.

A distribución de usos do solo que se considerou é a reflectida no recente mapa de coberturas e usos de solo da Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia, a escala 1:25000 (2003). Dito mapa referido á superficie do concello de Laxe, figura no anexo cartográfico.

A continuación procedeuse á valoración estética de cada un dos usos, asociándolle unha puntuación de 1 a 5 (1 mínimo e 5 máximo) considerando o atractivo visual de cada uso e a súa distribución espacial (se se trataba dunha formación arbórea). Na táboa 1 do anexo 2 pode verse a valoración da calidade paisaxística outorgada a cada un dos tipos de ocupación presentes no municipio. A máxima calificación corresponde ás lagoas, ás marismas, aos cantís con mato combinado con rochedo e aos rochedos, mentres que os valores máis baixos foron asignados as zonas construídas, urbanas e industriais, así como a zonas degradadas.

b) Diversidade da ocupación do solo: fragmentación da paisaxe

Os estudos realizados mostran unha predilección da poboación por paisaxes diversas, heteroxéneas e fragmentadas, fronte a superficies homoxéneas que resultan monótonas para o observador.

Para estimar esta diversidade de usos, ou o que é o mesmo, a fragmentación da paisaxe, aplicouse un filtro de 130 x 130 m^2 a todo o municipio, calculándose o número de tipos de ocupación presentes en cada xanela. Así, asociáronse valores tamén de 1 a 5 (mínima e máxima calidade paisaxística) de maneira que a maior número de usos do solo presentes, maior calidade visual. A táboa 2 do anexo 2 mostra esta valoración.

Antes de considerar a terceira variable, a fisiografía, combináronse os mapas de calidade visual dos usos e de fragmentación, de forma que a calidade de ocupación do solo é a variable dominante respecto á fragmentación que, por tanto , modifica o valor daquela só en algúns casos, tal e como reflicte a táboa 3 do anexo 2. Así, a fragmentación supón un valor engadido á calidade dos usos do solo.

c) Xeomorfoloxía

A xeomorfoloxía mostra o resultado de tódolos procesos xeolóxicos externos e parte dos internos da Terra. A paisaxe será pois resultado, en parte, de todos eles. Para abordar a valoración da xeomorfoloxía estudáronse dúas das variábeis máis relevantes para unha aproximación: o relevo e a litoloxía.

O relevo supón a base estrutural da paisaxe sobre a que se sustentan os biótopos e os usos antrópicos e determina o encadre visual. Para valorar este aspecto da xeomorfoloxía e, por tanto, da paisaxe determináronse unhas unidades fisiográficas a partir de tres variábeis: altitude, pendente e curvatura, calculadas sobre un Modelo Dixital do Terreo realizado a partir do Mapa Topográfico 1:5000 da Xunta de Galicia.

Realizouse unha análise multiespectral cunha clasificación non supervisada optando por 3 clases. Estas tres unidades fisiográficas descríbense e valóranse segundo o seu atractivo visual (tamén de 1 a 5) na táboa 4 do anexo 2.

A litoloxía considerada é a correspondente ao Mapa Xeolóxico de España a escala 1:50.000. Esta foi dixitalizada para o concello de estudo e a súa representación cartográfica figura no estudo do medio rural. Os grupos litolóxicos presentes no municipio puntuáronse en función do seu valor estético de 1 a 5. Dita valoración figura na táboa 5 do anexo 2.

Para chegar a unha valoración da xeomorfoloxía realizouse unha tabulación cruzada da calidade visual das unidades de relevo e da calidade visual da litoloxía, prevalecendo o valor da

primeira, afectando só en algúns casos a litoloxía. Esta dominancia figura na táboa 6 do anexo 2, resultando así a valoración da xeomorfoloxía.

Así pois, a obtención da **calidade visual intrínseca** chegou tras a combinación da síntese da calidade da ocupación do solo e da fragmentación paisaxística, e da valoración da calidade da xeomorfoloxía, seguindo o esquema de agrupamento que se recolle na táboa 7 do anexo II.

O resultado apenas modificou os valores do primeiro mapa combinado, pois considerouse que a xeomorfoloxía só engadía e non restaba calidade visual á paisaxe.

2.3.1.2. Calidade visual extrínseca da paisaxe.

Ademais das características intrínsecas de cada cela en que se dividiu o territorio, a valoración da paisaxe debe incluír a calidade visual do entorno xa que a presenza de determinados elementos ou actuacións pode engadir ou restar calidade á paisaxe. Para este estudo, ditos elementos e actuacións foron os seguintes:

- Ríos
- Mar e Lagoas
- Elementos do patrimonio arquitectónico
- Estradas
- Granxas e outras instalacións
- Liñas de tensión
- Áreas urbanas

A valoración da calidade visual do entorno levouse a cabo calculando as cuncas visuais dos elementos mencionados considerando unha distancia visual de 3 km e unha altura media do observador de 1,80 metros. Unha vez achadas, sumáronse, as dos elementos positivos por un lado (ríos, mar e lagoas, e arquitectónicos) e as dos elementos negativos por outro (o resto). Á hora da suma foi preciso considerar a contribución diferenciada de cada un dos elementos. Así, por exemplo, nos visualmente negativos, as estradas interveñen nun 30% do peso en relación á liña de tensión, cun 10%. As ponderacións dos distintos elementos figuran na táboa 8 do anexo 2.

Xa sumadas as cuncas visuais segundo a importancia de cada un dos sumandos, primeiro engadíronse ao mapa de calidade intrínseca ás dos elementos visualmente atractivos segundo o agrupamento seguido na táboa 9 do anexo II. Ao resultado restóuselle a suma das cuncas negativas tal e como figura na táboa 10 do anexo II. A disposición espacial das categorías da **calidade visual da paisaxe** pódese observar no anexo cartográfico.

Obtívose unha calidade paisaxística media-alta posto que aínda que a categoría maioritaria foi a de calidade alta (35.46%), as categorías seguintes foron as de calidade moi alta (28.47%) seguida da calidade media (23.22%). Cómpre dicir que dita calidade paisaxística atópase desigualmente repartida polo territorio municipal. Así, as áreas de maior calidade visual concéntranse na franxa costeira do concello, debido á súa condición de fronteira entre o medio terrestre e medio mariño, e ás formacións xeomorfolóxicas de elevado valor estético que a configuran tales como areais das praias, cantís de elevada pendente que ademais nalgúns casos penetran no mar. Todo isto cuberto de vexetación perenne de estacionalidade cromática. Outras zonas de elevada calidade visual figuran nos vales dos principais cursos fluviais, o val de Traba, de Soesto e o do río de Sanamedio. O resto do territorio de Laxe presenta unha calidade visual media-baixa, debido á cobertura dominante de piñeirais e eucaliptais, ademais, sen unha fisiografía moi estética, se ben hai que dicir que ocupan pequenas superficies, representando o 12% entrámbolos dous valores estéticos do territorio de Laxe.

2.3.2. FRAXILIDADE VISUAL DA PAISAXE

A fraxilidade visual definíase como a susceptibilidade dunha paisaxe ao cambio cando se desenvolve un uso ou actividade sobre el. Isto mesmo equivale á probabilidade de que esa paisaxe poida ser observada. Para calcular esta probalidade é preciso considerar, ao igual que no caso da calidade visual, a fraxilidade visual intrínseca e a fraxilidade visual extrínseca.

A primeira ven determinada polas características ambientais do territorio que aumentan ou diminúen a súa capacidade de absorción visual, na mentres que a fraxilidade visual extrínseca fai referencia á accesibilidade visual do territorio.

2.3.2.1. Fraxilidade visual intrínseca da paisaxe.

As características ambientais seleccionadas como determinantes da capacidade de absorción visual do territorio foron as seguintes:

a) Altura da vexetación
b) Características topográficas: orientación e pendente.

a) Altura da vexetación

A información de partida neste caso é o mapa forestal de España MFE50, a escala 1:50.000. Este mapa recalificouse en valores de 1 a 5 (de menor a maior fraxilidade visual) segundo o poder de camuflaxe das formacións vexetais; así as caducifolias e demais asociacións boscosas presentan un menor grao de fraxilidade que os prados e cultivos. Os valores de

fraxilidade asignados a cada tipo de cuberta presente en Laxe aparecen reflectidos na táboa 11 do anexo II.

b) Características topográficas: orientación e pendente.

Neste caso a información de base foi o modelo dixital de elevacións (MDE), anteriormente utilizado na valoración do relevo.

A pendente condiciona o ángulo de incidencia visual do observador da maneira que as zonas con maior pendente son mais visíbeis, presentando polo tanto unha maior fraxilidade visual. Considerando esta premisa, recalificouse o mapa de pendentes en cinco categorías de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade visual.

A orientación afecta á probalidade de ser observado no que a iluminación se refire. Así, as orientacións sur gozan dunha maior luminosidade, e con iso, dunha maior fraxilidade, seguidas das orientacións este. Con esta información, reclasificouse o mapa de orientacións en cinco categorías de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade visual.

Para achar a fraxilidade visual intrínseca combináronse os tres mapas reclasificados anteriores (altura da vexetación, pendente e orientación), de maneira equitativa, resultando o mapa de fraxilidade visual intrínseca con valores de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade. Dito mapa figura no anexo fotográfico.

2.3.2.2. Fraxilidade visual extrínseca da paisaxe

A capacidade de absorción visual do territorio depende ademais da accesibilidade visual. Para iso, consideráronse como puntos de observación potenciais os seguintes:

- Edificacións
- Rede viaria (distinguindo entre as estradas principias e a rede de camiños)
- Elementos do patrimonio arquitectónico.
- Ríos
- Lagoas

(Estes últimos, por ser lugares de potencial frecuentación por uso turístico e recreativo).

Calculáronse as cuncas visuais obtidas desde estes puntos, liñas e áreas de observación potencial, cun alcance de 3 km e unha altura media do observador de 1,8 metros. A continuación combináronse de forma ponderada segundo a potencialidade de observación. A ponderación figura na táboa 12 do anexo II.

O resultado obtido tras a combinación de tódalas cuncas visuais é o mapa de fraxilidade visual extrínseca, con valores de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade.

A **fraxilidade visual da paisaxe** obtívose finalmente por combinación dos mapas de fraxilidade visual intrínseca e extrínseca, do que figura o esquema de agrupamento na táboa 13 do anexo II. Pódese observar cómo o valor de fraxilidade maioritario no concello de Laxe é a **fraxilidade media seguida da fraxilidade alta**. As áreas de fraxilidade alta correspóndense coas zonas de vales e pés de monte sucados por estradas, maior aínda no caso de que abunden as superficies dedicadas a cultivos ou pastos, como é o caso das inmediacións dos núcleos do val de Traba e dos núcleos de Aplazadoiro, Gundar, Rens e Viqueira. Con respecto á costa, parte dela presenta unha fraxilidade visual moi baixa ou baixa, debido á inaccesibilidade dalgúns dos seus cantís. Aínda así, gran parte posúe unha fraxilidade visual media, como é o caso da costa de Laxe ou incluso alta na de Traba.

2.3.3. INTERESE PAISAXÍSTICO

Como paso último para chegar á delimitación de Áreas de Interese Paisaxístico, foi preciso combinar os mapas de calidade visual e fraxilidade visual da paisaxe. Isto é así debido a que non só hai que considerar as áreas de elevada calidade visual, senón que ademais teñen que ter a capacidade de poder ser observadas.

Así, e seguindo o esquema de agrupamento da táboa 14 do anexo II, obtívose o mapa de **interese paisaxístico**, asignándolle unha puntuación de 1 a 5 segundo o interese fose moi baixo, baixo, moderado, alto ou moi alto, respectivamente. Este mapa figura no anexo cartográfico.

A serie de dominancia dos valores de interese paisaxístico é a seguinte: 2>3>4>1>5; de maneira que pode afirmarse que o **interese paisaxístico** do concello de estudo é **medio** (valorado en cinco categorías: moi baixo, baixo, medio, alto e moi alto). Ademais, non se trata dunha media, senón que a clase de interese predominante é o interese paisaxístico baixo. Séguelle, moi de preto a categoría de medio interese en extensión, aínda que as dúas áreas principais que gozan dunha categoría alta serven para reforzar á primeira afirmación. Isto débese, por un lado, a que as zonas de maior calidade visual, concentradas na franxa costeira, non presentaban unha elevada accesibilidade visual, e polo tanto o seu interese diminuíu considerablemente; e por outro, a escaseza de formacións autóctonas, predominando os cultivos forraxeiros e as formacións forestais madeireiras, perennes e de escasa diversidade cromática e frondosidade. Así mesmo tampouco abundan formacións mosaico con mestura de coberturas de solo, moi apreciadas visualmente. Con todo isto, as áreas de maior interese paisaxístico sitúanse na parroquia de Traba, e na parroquia de Soesto. Nembargantes, no mapa de interese paisaxístico pódese constatar a presenza doutra área, na confluencia das parroquias de Nande e Sarces, nunha franxa

paralela ao límite administrativo, mais a súa comprobación con traballo de campo leva a non considerala como tal. A presenza desta área de interese paisaxístico ven definida pola confluencia de varios usos do solo. Sen embargo, neste caso a súa distribución é demasiado regular e ademais algunhas das coberturas existentes presentan unha calidade inferior á que lle outorgou na análise. Así pois, na citada área áchase un bosque de plantación de pino cunha presenza que non merece ese valor 3 outorgado.

2.3.4. ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

2.3.4.1. DELIMITACIÓN DAS ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

Partindo da distribución de celas de interese paisaxístico, procedeuse á delimitación de Áreas de Interese Paisaxístico (AIP), abranguendo as manchas de cor que representaban celas de interese paisaxístico alto e moi alto, recorrendo en algunhas delimitacións á incorporación de áreas de interese moderado para definir áreas continuas. Cómpre aclarar que o interese paisaxístico obtido coa anterior análise é o interese máximo posible, posto que á hora de calcular a fraxilidade visual, considerouse, para as cuncas visuais, só o modelo dixital de elevacións, de maneira que se obviaron outras barreiras visuais engadidas coma as formacións arbóreas ou as edificacións. É por isto polo que a fraxilidade obtida é a máxima potencial e polo tanto tamén o interese paisaxístico.

Por todo isto, unha vez localizadas as zonas que a priori gozaban dun elevado interese paisaxístico procedeuse a súa comprobación no campo. O resultado axustouse aproximadamente á realidade da paisaxe de Laxe. Aínda que a maior parte das pequenas zonas de interese paisaxístico alto non posuían tal interese, as veces debido a que a fraxilidade era máis baixa da que a análise mostraba; e, noutros casos, porque as formacións agrogandeiras ou forestais presentaban valores estéticos negativos moi particulares; finalmente atopáronse, a lo menos, dúas áreas uniformes de interese elevado, susceptibles de ser consideradas e delimitadas como Áreas de Interese Paisaxístico.

Unha vez realizada esta comprobación procedeuse ao axuste do seu trazado a referencias territoriais, tales como curvas de nivel, ríos e regatos ou rede viaria.

As Áreas de Interese Paisaxístico resultantes foron as seguintes:

1. Complexo Traba - Soesto
2. Soesto

O mapa onde figura a delimitación figura no anexo cartográfico (anexo IV) e as fotos destas AIP no anexo fotográfico (anexo III).

2.3.4.2. DESCRICIÓN DAS ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

2.3.4.2.1. Complexo Traba - Soesto

Esta AIP sitúase nas parroquias de Traba e Soesto, e correspóndese co complexo dunar, praia e Lagoa de Traba, así como cos penedos costeiros que levan o mesmo nome, e cunha parte da costa, contigua á anterior, da parroquia de Soesto chegando ata a praia de Arnao. Trátase, por tanto, dunha área extensa e alongada pertencente ao fondo do val de Traba que se abre ao mar.

As coberturas do solo presentan unha calidade paisaxística elevada, sendo ademais moi diversos os seus usos: rochedos costeiros, mato pasteiro con e sen rocha, areais da praia de Traba e de Arnao, así como a Lagoa litoral de Traba, e entre a primeira praia e a lagoa atópase cuberto de mato. Hai que engadirlle as pequenas masas de auga que configuran o río de Traba e o rego do Bao. A distribución das coberturas produce un efecto visual moi atractivo no seu conxunto. Todo isto, xunto coas vistas do mar e a súa relativa accesibilidade visual, explican o feito de que goce dun elevado interese paisaxístico. Se ben, no mapa correspondente ao interese paisaxístico obsérvase a ampla extensión que albergaría esta área, nembargantes, non foi delimitada como tal, posto que, a pesar de gozar dunha panorámica de alto interese paisaxístico visto desde o Monte da Mina ou Coto da Lagoa, ou desde outros puntos altos, a visión que se percebe dentro da área vese limitada á área proposta.

Cómpre dicir, que o entramado regular debuxado pola rede de camiños, froito da parcelaria, así como a existencia dalgunha vivenda, do que contrasta o estilo de edificación en demasía co medio, consegue restarlle moito encanto visual.

A posibilidade de observar esta AIP é relativamente fácil, nembargantes por tratase dun val e dunha zona costeira a mellor opción é a de optar por puntos ou vías de certa altura. Así, unha boa panorámica obtense desde a cima do Monte da Mina ou Coto da Lagoa podéndose albiscar todo o val de Traba con tódolos los elementos que o configuran, así como parte da costa de Soesto. Para acceder a este punto potencial de observación, só temos que circular pola estrada C-4001 dirección Gundar, desviándonos a man dereita cara o devandito Coto.

As estradas AC-434, dirección Boaño, e AC-433, dirección Cabanela-Costa, ofrecen boas e fermosas vistas desta AIP, nembargantes, cabe sinalar, dado a disposición das vías de comunicación, que desde a primeira, óllase mellor o sector dos Penedos Costeiros de Traba como telón de fondo, e desde a segunda, a vista céntrase máis na lagoa, no sistema dunar e parte de Soesto sendo un dos mellores puntos de observación o lugar de Costa.

2.3.4.2.2. Soesto

Situada na parroquia de Soesto, esta Área de Interese Paisaxístico caracterízase por ser a única das delimitadas onde a súa paisaxe non conta coa presenza ou perspectiva do mar.

Non destaca tampouco por presentar unha elevada diversidade de coberturas ou usos do solo, posto que só conta con prados en maioría e outros cultivos anuais, e na marxe esquerda superficies destinadas a bosque de plantación de *Pinus pinaster* predominando sobre o *Eucalyptus globulus*. Sen embargo, a súa calidade reside na adecuada distribución destas coberturas nunha fisiografía marcada polo paso do rego de Soesto, formando un val asimétrico, no que se asentan unha sucesión de muíños, que por outra banda son moi abundantes no territorio de Laxe, un tanto descoidados, polo que sería interesante a súa restauración.

En definitiva, trátase dunha fermosa asociación de prados e cultivos, e bosquetes nun val asimétrico formado polo Rego de Soesto, acompañada de pequenos muíños.

Para contemplar esta AIP basta con recorrer a estrada de titularidade municipal que vai desde o lugar de Arriba do Agro ata a fermosa praia de Soesto. Para unha maior recreación a opción máis acertada é introducirse, a pé, por un camiño e unha pequena ponte que cruza o Rego de Soesto e seguir por un pequeno sendeiro ó carón da asociación de piñeiros e eucaliptos. A vía que deleita ao observador remata na devandita praia, e percorre todo o val de Soesto, nembargantes, as masas arbóreas dificultan a visibilidade do mesmo, polo que esta AIP non goza de continuidade.

2.3.4.3. ASIGNACIÓN DE PUNTOS E ELEMENTOS DE OBSERVACIÓN CON CALIDADE VISUAL

Trala delimitación das Áreas de Interese Paisaxístico, o traballo de campo xa puxo de manifesto os elementos ou puntos desde os cales poder observar estas AIP cunha elevada accesibilidade, pero tamén que gozasen de certa calidade visual. Así, seleccionáronse os seguintes:

- Coto da Mina ou Monte da Lagoa
- AC 434, pertencente á rede viaria primaria (de titularidade da Xunta) ao seu paso polos núcleos de Cuíña, Tella e Boaño.
- AC 433, pertencente á rede viaria primaria (de titularidade da Xunta) ao seu paso polos núcleos de Matio, Cabanela e Costa.

- Pistas ou camiños rurais dos núcleos de Cabanela e Cernado, Mordomo, e pistas asfaltadas ou de terra pertencentes á parcelaria que cruzan todo o val.
- Camiños, no fondo do val, que dan paso ao acceso visual, en detalle, da Lagoa, para posteriormente atravesar o complexo dunar de Traba en forma de pequenos e estreitos sendeiros.
- Pista asfaltada, de propiedade municipal, que vai desde o lugar de Costa ata o lugar de Viqueira, pasando polos penedos do conxunto da Torre da Moa, preferentemente no sentido contrario ao descrito.
- Pista de terra que profunda na Torre da Moa, e desde a que se pode observar o val de Traba, así como as formas dos Penedos de Traba e as formas da propia Torre da Moa.
- Estrada de titularidade municipal que permite o acceso á praia de Soesto, pasando polos núcleos de Centeal e Lugar de Abaixo, paralelo ao rego de Soesto.

O maior número de elementos de observación potenciais correspóndese con pistas e estradas, polo que a súa potencialiadade para instalar miradoiros queda moi mermada. Máis aínda, tendo en conta que son pistas locais, no medio rural, sen beirarrúas na meirande parte delas. Aínda así, identificouse un punto de observación de certa calidade para cada AIP, ficados ó longo das pitas locais anteriormente mencionadas.

Incluíronse ademais dous cumios desde os cales se disfruta de fermosas vistas panorámicas da franxa costeira, principalmente, presentando así unha elevada aptitude para converterse en miradoiros. Son dous dos cumios de maior altitude do concello, as posibles cuncas visuais que se poden trazar desde eles, permiten observar cunha accesibilidade mínima a primeira AIP. Isto é así debido a rugosidade do relevo e á ubicación destas nas zonas mais baixas. Por outro lado, o cumio da Torre da Moa presenta un importante inconveniente para a súa consideración como miradoiro do concello, e é que a súa accesibilidade é reducida, a lo menos tal e como se atopa na actualidade. Tan só se pode subir, ou ben a pé, ou ben con vehículos especializados para todo tipo de terreos bicicletas ou 4x4, nembargantes, o interese xeomorfólixo e o peculiar valor estético presente nesta área, latente no transcurso do percorrido ata o potencial punto de observación, pódese considerar un engadido enriquecedor a este tal como o deleite do observador. Con isto conclúese que tan só o cumio do Monte da Mina ou Coto da Lagoa, entre as parroquias de Nande ou Sarces, presenta unha elevada potencialidade como miradoiro, capaz de materializarse, sendo algo máis dubitativo a materialización da Torre da Moa como miradoiro.

Todo isto queda reflectido no mapa de Áreas de Interese e Protección Paisaxística e Cuncas Visuais no anexo cartográfico.

2.4. PREVENCIÓN DE IMPACTOS E BARREIRAS VISUAIS

Coma xa se viu anteriormente, ademais da protección das Áreas de Interese Paisaxístico, propiamente ditas, a lei 9/2002 establece que deben protexerse aquelas zonas nas que, aínda sen gozar dun interese paisaxístico, o proceso de urbanización suporía un elevado impacto ou unha barreira visual, ou o que é o mesmo, deberán ser protexidos aqueles terreos que ofrezan vistas panorámicas do territorio así como os accesos a fitos paisaxísticos significativos e aos propios fitos.

Trala exhaustiva análise da paisaxe realizada no anterior apartado, atópase que a fraxilidade paisaxística pode servir de axuda na búsqueda destas áreas máis vulnerables visualmente ou ben que ofrezan boas vistas panorámicas.

En Laxe, só se delimitaron como áreas susceptibles de protección paisaxística (**APP**) as partes máis altas dos principais montes, que ademais atópanse, na meirande parte deles, descubertos dunha vexetación arbórea, que amortigüe o posible impacto da edificación. Entre estes cumios figura o Monte da Mina ou Coto da Lagoa, considerado como punto de observación potencial de vistas panorámicas. En total, trazáronse as seguintes áreas susceptibles de protección paisaxística:

1. Monte Catasol.
2. Montes Piñeiro.
3. Montes de Lourido e Petón do Castelo.
4. Lagoa da Mina ou Coto da Lagoa
5. Monte Redondo.
6. Monte do Chan.

Todas elas figuran no mapa de Áreas de Interese e Protección Paisaxística e cuncas visuais.

3. DELIMITACIÓN E DESCRICIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS

3.1. OBXECTIVOS

A delimitación das Unidades Ambientais responde á necesidade de segmentar o territorio do municipio de Laxe en unidades homoxéneas que faciliten unha aproximación á dimensión ambiental do mesmo. Así, a análise das incidencias das accións do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) sobre o territorio realizarase sobre cada unha destas unidades homoxéneas, atopando facilidades de análise e comportamentos homoxéneos fronte ás accións.

3.2. XUSTIFICACIÓN

As unidades ambientais identifícanse mediante a delimitación cartográfica ou a superposición temática de elementos representativos do territorio (fisiografía, vexetación, cultivos…) aos que se agregan outros (como niveis de protección, limitacións de uso, etc) ata diferenciar conxuntos homoxéneos.

Trátase de definir unidades en función da relevancia de algún factor e segundo criterios de homoxeneidade relativa a nivel dos riscos integradores máis significativos e que representen un comportamento tamén homoxéneo fronte a unha acción determinada.

No caso do municipio de Laxe, os elementos máis representativos do territorio para a delimitación das unidades ambientais foron por un lado, a fisiografía, utilizando para iso as unidades fisiográficas elaboradas no estudo da paisaxe do apartado anterior; por outro, os usos do solo obtidos do Mapa de coberturas e usos do solo da Xunta de Galicia (2003) . Entre o outro tipo de elementos, a consideración de solo urbano e solo de núcleo rural da Lei 9/2000 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia contribuíu igualmente á delimitación destas unidades.

O resultado obtido tradúcese nas seguintes 5 unidades ambientais:

1. O núcleo urbano
2. Os núcleos rurais
3. Fondos de vales e costa
4. Áreas de transición
5. Monte

O mapa das unidades ambientais figura no anexo cartográfico.

3.3. DESCRICIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS

UNIDADE AMBIENTAL 1: O núcleo urbano

O núcleo urbano de Laxe sitúase nunha posición algo desprazada cara o oeste do centro do municipio, a unha altitude media comprendida entre os 10 e os 60 **metros.**

Trátase dun pequeno enclave urbano no que se agrupan a meirande parte das actividades industriais e terciarias do concello, estando as primeiras vencelladas ao seu porto pesqueiro e as segundas orientadas ao turismo.

Demograficamente supón a concentración de máis do 50% da poboación municipal, feito que se enfatiza se se atende á superficie parroquial, a cal conta cunha extensión de 1.95 km^2, configurándose como a parroquia de menor superficie. Isto, xunto co dinamismo que a desmarca dos demais núcleos, son a xustificación dos 978,97 hab./km^2, moi por riba da media municipal (100,25 hab./km^2).

O concello de Laxe artella en torno ao seu núcleo urbano un sistema territorial de asentamentos dependentes organizados a partires da división parroquial.

UNIDADE AMBIENTAL 2: Os núcleos rurais

A estrutura morfolóxica do sistema de asentamentos de Laxe baséase na existencia de pequenas aldeas en ocasións polinucleares, que tenden a configuracións pechadas e compactas, cunha localización topográfica na parte baixa das ladeiras das zonas máis montañosas, que permiten liberar as zonas máis baixas e fértiles para adicalas a terras de labor.

O poboamento rural artíllase así mediante un certo número de pequenas agrupacións espalladas no territorio municipal, con dimensións variables que oscilan entre pequenos **casais,** é o caso dos núcleos de Reboredo, As Virtudes, Canle ou Lourido, ata agrupacións que constitúen **grupos de aldeas** como Transfontáns ou Aprazadoiro.

A estrutura interna destas aldeas é variable, nunhas ocasións as construcións agrúpanse irregularmente ao longo dun camiño ou rueiro, noutras tenden a unha estrutura máis compacta e noutras trátase de aldeas polinucleares.

Para facer unha clasificación dos asentamentos de Laxe partiuse da realizada polo profesor Abel Bouthiers, complementándose con certos aspectos da realizada por Fariña Tojo no referente aos subtipos da aldea pechada ou das aldeas de núcleos múltiples, polo que se recolle o seguinte:

TIPOLOXÍA	NÚCLEOS
Aldeas pechadas	Gundar; Matío; Rens; Conlle; Carrabete; Soesto de Abaixo; Arriba do Agro; Centeal; Arrueiro; Boaño; A Pedreira; Campodorreiro; Cernado; Cuíña; Mordomo

TIPOLOXÍA	NÚCLEOS
Aldeas abertas ou de estrutura laxa	Aprazadoiro; Coens; Transfontáns
Aldeas dispostas en liña	A Viqueira; A Torre; Cabanas; O Piñeiro; Carcaxido; Castrelo; Carballal; Foxiños
Aldeas de núcleos múltiples	A Pedreira-A Canle-As Melgueiras
Casais	Reboredo; As Virtudes; Canle; Lourido; As Casas Novas; Tella; Soacasas

Esta unidade ambiental sustenta 1.665 habitantes, o que significa o 47% da poboación municipal, nunha superficie aproximada de 33,7 km^2, resultando unha densidade de 49,41 hab./km^2. Coa excepción do núcleo urbano de Laxe, único asentamento da parroquia do mesmo nome, tódolos demais núcleos localízanse nesta unidade.

UNIDADE AMBIENTAL 3: Vales e costa

Os vales e a costa constitúense como a unidade ambiental vertebradora do territorio de Laxe, caracterizada por sustentar a maior parte da rede de drenaxe e por erixirse como a proporción do medio terrestre en contacto co medio acuático, contendo polo tanto, superficies ecotonos. En canto á rede de drenaxe, trátase dunha rede de escasa densidade fluvial, como soe ser nas vertentes puramente costeiras, na que sobresaen os ríos de Traba e Sanamedio, se ben de escaso caudal e limitada profundidade. O resto dos cursos de auga existentes no municipio correspóndense con pequenos regatos, que apesares do seu escaso desenvolvemento, propiciaron a construción de varios muíños. Con respecto á costa, o predominio de zonas erosivas caracterizan, como non podía ser doutra maneira, a este concello da Costa da Morte. Zonas de acantilados rochosos, aínda que non de moi elevada altitude, nas que se intercalan zonas de sedimentación, constituíndo fermosos areais que ao coincidir coa desembocadura dun río ou regato importante presenta, ademais, pequenas formacións marismeñas.

A pesares da dominancia do tipo de rocha maioritario, rochas graníticas migmatíticas, especialmente granitos de dúas micas de gran medio a groso, atópanse representados a meirande parte dos tipos litolóxicos presentes no territorio de Laxe, coa salvedade das anfibolitas, dos cuarzos e dos gneises, se ben a superficie que ocupan estes grupos é reducida dentro do municipio. Estes tipos non levaron á formación de solos de elevada calidade agrolóxica, aínda que nesta unidade ambiental, nos vales concretamente, concéntranse a meirande parte da superficie do municipio cunha clase agrolóxica apta para as labores agrícolas. A distribución dos solos de maior calidade agrolóxica están en íntima relación coa ubicación dos núcleos de poboación, polo que se percibe unha correspondencia entre ambos. Cabe destacar, ademais, a presenza de numerosas acumulacións de materiais cuaternarios, a maior parte das cales correspóndense con

praias, tanto antigas como actuais, ademais dos depósitos fluviais, nas chairas aluviais e/ou fondos de valgadas, principalmente nas áreas bañadas polo río de Traba e o río de Sanamedio.

A altitude media é moi baixa, de 114 metros como máximo, predominando as superficies comprendidas entre o nivel do mar e os 40 metros de altitude, de maneira que o risco de xeadas é mínimo. As pendentes son localmente moi fortes (superiores ó 65%) debido ós acantilados rochosos ó pe do mar, aínda que tamén moi baixas dada a consideración das chairas de inundación dos ríos e regatos.

Todas estas características físico-naturais fan dos vales e a costa unha unidade ambiental con características duais segundo se trate de vales e zonas de costa de sedimentación, por un lado, e zonas de costa erosiva, por outro.

Así, as primeiras, presentan unha aptitude elevada para a agricultura, feito que fica materializado na súa distribución das coberturas do solo, posto que concentra máis do 60% das coberturas de usos agrícolas (gandeiros, cos prados e forraxes) do concello. Nas zonas de costa erosivas, atópase unha elevada porcentaxe de mato autóctono e climácico, ou mato-pasteiro. Nesta unidade non se atopan grandes superficies forestais, se ben as poucas existentes son de escasa importancia, feito que pode sorprender por ter unha cobertura do 46% da superficie municipal, destinada principalmente a produción forestal de eucalipto e piñeiro. Outra característica a mencionar é a presenza de tódolos usos do solo, coa salvedade de lagoas continentais, desenvolvéndose un total de 13 usos, destacando os mencionados liñas arriba.

Como trazo distintivo de elevada singularidade, esta unidade ambiental contén case tódalas Áreas de Interese Ambiental (AIA), e tódalas Áreas de Interese Paisaxístico (AIP):

AIA	AIP
1. Costa da morte	1. Complexo de Traba – Soesto
1.1. Penedos Costeiros de Traba	2. Soesto
1.3. Lagoa de Traba	
1.4. Praia de Arnao	
1.5. Praia de Soesto	
1.6. Praia de Laxe	
1.7. Brañas Mouras	

Trátase pois da unidade ambiental de maior calidade ambiental, e polo tanto será a unidade que presente unha maior fraxilidade ante as repercusións das determinacións do PXOM.

Por outro lado, é preciso sinalar que a pesar de constituír escasamente o 35% do territorio municipal, reúne ó 65% dos núcleos de poboación, e entre eles áchase o núcleo urbano. É así, a

unidade ambiental máis antropizada, despois das dúas anteriores, definidas pola súa xénese antrópica. Feito que tamén se observa, e por tanto ratifica, na rede viaria en forma de cuadrícula, froito da concentración parcelaria, no val de Traba.

En definitiva trátase da unidade ambiental máis poboada e urbanizada e á vez a de maior riqueza natural e paisaxística.

UNIDADE AMBIENTAL 4: Áreas de transición fondos de vales e costa/monte

Esta unidade ambiental caracterízase pola súa natureza de transición entre áreas de monte de maior altitude e áreas de morfoloxía determinada máis evidentemente polo modelado fluvial e costeiro, de menor altitude. Trátase de ladeiras incipientes de pendente crecente, convexas, e tamén penas de menor altitude. A altitude media rolda os 136 m, chegando aos 250 m de máxima. As pendentes chegan a ser moi fortes, sobre todo conforme nos distanciamos da anterior unidade ambiental e damos paso á unidade de monte, configurándose, esta unidade de transición, a de maior diversidade de pendentes.

A súa composición litolóxica é a máis diversa entre as unidades ambientais, tendo cabida tódolos tipos edafolóxicos presentes no municipio, coa salvedade, coma non podía ser doutra forma, das acumulacións de depósitos sedimentarios cuaternarios. As únicas acumulacións que se poden atopar son de orixe fluvial, e dado que se aproxima ou recolle as cabeceiras fluviais, polo que predomina a actividade erosiva sobre a sedimentaria, esta unidade conta tan só con pequenos treitos, de pouca importancia, que presentan estes materiais. Os granitos de dúas micas de gran medio a groso é o grupo litolóxico hexemónico desta unidade. Nembargante, hai que nomear a importancia dos demais rochedos existentes posto que esta variedade outórgalle a esta área un certo grao de singularidade con interese litolóxico. Neste caso os tipos edafolóxicos desenvolvidos resultan menos aptos para as labores agrícolas debido ao seu afastamento dos cursos fluviais e ao peor sistema de drenaxe, ao que se lle engade a existencia de maiores pendentes e de afloramentos rochosos. Así pois, nesta unidade van predominar os regosois e cambisois úmbricos, que posibilitan a existencia dunha cobertura arbórea, sen moitas esixencias edáficas, e, dado as características topográficas da unidade, os leptosois en combinación con regosois cubertos, na meirande parte dos casos por mato ou mato pasteiro. A meirande parte da superficie desta unidade presentan clases agrolóxicas VI e VII, pouco aptas para as actividades agrícolas, predominando a segunda sobre a primeira. Mais a pesar disto, hai que destacar unha área sita ao sueste que cambia a consideración agrolóxica desta unidade, posto que presentan terreos capaces de soportar un laboreo sistemático e mesmo continuo en determinadas zonas.

No tocante aos usos do solo hai que destacar o predominio da superficie forestal, adicada a pinos e eucaliptos, albergando o 78% da superficie da unidade ambiental, significando o 36 % da superficie municipal. Estes datos xa son de por si clarificadores da importancia forestal que

sustenta o municipio, e por ende a adicación desta unidade ambiental, nembargante se temos en conta que a superficie cuberta por piñeiro e eucalipto supón o 46% do termo de Laxe, enfatízase e reforzase a idea anterior. Aínda que tamén hai que ter en conta que esta unidade ambiental é a maior das cinco existentes, albergando unha superficie do 47% do municipio.

Sen embargo, no que a distribución da poboación se refire, esta unidade, debido a súa proximidade coa unidade de val, aínda se configura como un atraente para a consolidación dun núcleo de poboación. Mais como non podía ser doutra forma, os asentamentos de poboación van minguando segundo se aumenta a altitude, polo que, tan só se representan o 35% dos núcleos de poboación, fronte ao 65 % existente na unidade anterior.

En canto ás Áreas de Interese Ambiental, unicamente vai formar parte da AIA 2, Penedos de Traba, e da AIA 3, Torre da Moa, constituíndo parte das ladeiras que dan paso aos altos da unidade de montes.

AIA
2. Penedos de Traba
3. Torre da Moa

Ponse de manifesto a escasa riqueza natural desta unidade, cuxo único atisbo de singularidade reside na diversidade litolóxica e na proximidade á unidade ambiental posterior.

En conclusión, trátase dunha unidade marcada pola diversidade de características físico-naturais, pero daquelas menos significativas de dúas entidades xeomorfolóxicas como son os montes e os vales e a costa.

UNIDADE AMBIENTAL 5: Monte

A unidade ambiental Monte correspóndese con ladeiras altas e áreas de cume, acotadas entre os 150 e os 314 metros, predominando o intervalo comprendido entre os 250 e os 300 metros. As pendentes preséntanse máis suaves que nas unidades anteriores, coa salvedade dos Penedos de Traba que miran ao mar.

De novo o granitoide migmatítico figura coma a rocha maioritaria. Sen embargo nesta unidade os granitos de dúas micas acércanse máis que en ningunha outra unidade. Tamén destacan as granodioritas biotíticas que configuran os Penedos de Traba. Se nos outros casos os solos desenvolvidos non eran moi aptos para a actividade agrícola, nesta unidade, ao tratarse de ladeiras e cumios, os tipos edafolóxicos predominantes van a ser leptosois e regosois, os cales fan practicamente inexistente a actividade agrícola nesta unidade.

Pola contra, presenta unha elevada aptitude para o uso forestal e gandeiro, si se considera como tal o monte baixo destinado a ese fin. Na actualidade, domina o eucalipto e piñeiro (con plantacións recentes, maioritariamente de pinos) asociados xunto ao mato e ao mato-pasteiro.

No seu territorio abrangue a tres Área de Interese Ambiental mais a ningunha Área de Interese Paisaxístico. Pola contra si que vai conter os puntos potenciais de observación ou miradoiros máis destacados.

AIA
2. Penedos de Traba
3. Torre da Moa
4. Monte da Mina ou Coto da Lagoa

C. AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LAXE

Unha vez realizada as fases de análise e diagnóstico do territorio afectado, o seguinte paso é a avaliación ambiental, propiamente dita, das accións que o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) leva consigo. Para iso vanse identificar e valora-los impactos que estas accións puidesen ocasionar sobre o territorio. A secuencia de traballo será a seguinte:

1) Identificación das principais accións derivadas do PXOM susceptíbeis de producir impactos ambientais.
2) Identificación dos impactos ambientais producidos.
3) Valoración dos impactos ambientais.
4) Resumen ou síntese da avaliación ambiental.

1. IDENTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS DERIVADAS DO PXOM

As accións do PXOM que van ter unha incidencia directa sobre o territorio e, sobre todo, sobre a súa dimensión ambiental, son os seguintes:

- Clasificacións de solo:

  - Solo Urbano Consolidado (SUC)
  - Solo Urbano Non Consolidado (SUNC)
  - Solo Urbanizable Delimitado (SUD)
  - Solo de Núcleo Rural (SNR)
  - Solo Rústico de Protección Ordinaria (SRPO)
  - Solo Rústico de Protección Forestal (SRPF)
  - Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SRPA)
  - Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN)
  - Solo Rústico de Protección Paisaxística (SRPP)
  - Solo Rústico de Protección das Costas (SRPC)
  - Solo Rústico de Protección das Augas (SRPAg)
  - Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPI)
  - Solo Rústico de Protección Arqueolóxica (SRPAr)

- Sistemas Xerais (S.X) e Locais:
    - S.X viario
    - S.X e locais de Infraestruturas básicas e servizos: redes de fornecemento e saneamento de augas, rede de subministro de enerxía eléctrica, así coma outros servizos (telefonía), e xestión de residuos sólidos urbanos
    - S.X. de Infraestruturas Portuarias.
    - S.X. de paseo marítimo.
    - S.X e locais de equipamentos comunitarios
    - S.X e locais de Espazos Libres

Consideráronse estas accións xenéricas xunto coas que se derivan delas, tanto polo cumprimento da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como polas propias ordenanzas establecidas no PXOM. Así, por exemplo, ao considerar a delimitación do Solo Urbanizable Delimitado, contémplanse a asignación de usos, a conexión coa rede de comunicacións, as dotacións de servizos e equipamentos, a construción - edificación, alteración da cuberta terrestre e vexetación, a realización de infraestruturas, etc.

2. IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS

Para a identificación de impactos utilizouse unha **matriz de Leopold** (unha matriz de dobre entrada na que figuran os factores ambientais e as accións do proxecto) só para a identificación, á que se engade nos casos máis simples unha valoración parcial, previa, sobre o signo do impacto (positivo ou negativo). Nos supostos nos que se atopan impactos indirectos só se sinalou a existencia dun impacto.

Deseñouse unha matriz de Leopold xeral na que figuran tódalas accións do PXOM. Dita matriz é a base para analizar as repercusións destas accións sobre os **factores ambientais de cada unidade ambiental**. Así, adaptouse a matriz xeral para o caso concreto que presenta cada unidade ambiental, pois non tódalas accións se levan a cabo en tódalas unidades ambientais.

En definitiva, trátase dunha primeira aproximación para detectar as posíbeis afeccións que o planeamento urbanístico pode producir sobre o territorio. No seguinte apartado de valoración de impactos profundízase na natureza dos mesmos.

A continuación preséntase a matriz de Leopold xeral e as matrices específicas para cada unidade ambiental.

.

Matriz xeral de identificación de impactos

	SOLO	AUGA	VEXETACIÓN	FAUNA	ECOLOXÍA	PAISAXE	SOCIEDADE	ECONOMÍA
SOLO URBANO								
SU Consolidado								
SU Non consolidado								
SOLO URBANIZABLE								
SUBLE Delimitado								
SOLO DE NÚCLEO RURAL								
Núcleo orixinario								
Área de expansión								
SOLO RÚSTICO								
SRPO								
SRPF								
SRPA								
SRPP								
SRPEN								
SRPI								
SRPAg								
SRPAr								
SRPC								
SISTEMAS XERAIS								
S.X. INFRAESTRUTURAS								
S.X. DE EQUIPAMENTOS								
S.X. ESPAZOS LIBRES								
S.X. DE INFRAESTRUCURAS PORTUARIAS								
S.X. PASEO MARÍTIMO								
S.X. VIARIO								

---: Non se producen impactos
X: Impacto
(+): Impacto positivo
(-): Impacto negativo

Matriz 1: Unidade Ambiental 1: O núcleo urbano

	SOLO	AUGA	VEXETACIÓN	FAUNA	ECOLOXÍA	PAISAXE	SOCIEDADE	ECONOMÍA
SOLO URBAN (SU)								
SU Consolidado	---	---	---	---	---	X	(+)	(+)
SU Non consolidado	(-)	(-)	(-)	(-)	(-)	X	(+)	(+)
SOLO URBANIZABLE (SUBLE)								
SUBLE Delimitado	(-)	(-)	(-)	(-)	(-)	X	(+)	(+)
SISTEMAS XERAIS								
S.X. INFRAESTRUTURAS	X	X	X	X	X	X	(+)	(+)
S.X. DE EQUIPAMENTOS	---	---	---	---	---	X	(+)	(+)
S.X. ESPAZOS LIBRES	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	---	(+)	---
S.X. INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS	---	---	---	---	---	X	(+)	(+)
S.X. PASEO MARÍTIMO	X	X	X	X	X	X	(+)	(+)

Matriz 2: Unidade Ambiental 2: Os núcleos rurais

	SOLO	AUGA	VEXETACIÓN	FAUNA	ECOLOXÍA	PAISAXE	SOCIEDADE	ECONOMÍA
SOLO DE NÚCLEO RURAL								
Núcleo orixinario	---	---	---	---	---	(+)	(+)	(+)
Área de expansión	(-)	(-)	(-)	(-)	(-)	X	(+)	(+)
SISTEMAS XERAIS								
S.X. INFRAESTRUTURAS	X	X	X	X	X	X	(+)	(+)
S.X. E EQUIPAMENTOS	---	---	---	---	---	X	(+)	(+)
S.X. ESPAZOS LIBRES	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	---	(+)	---

Matriz 3: Unidade Ambiental 3: Vales e costa

	SOLO	AUGA	VEXETACIÓN	FAUNA	ECOLOXÍA	PAISAXE	SOCIEDADE	ECONOMÍA
SOLO URBANIZABLE (SUBLE)								
SUBLE Delimitado	(-)	(-)	(-)	(-)	(-)	X	(+)	(+)
SOLO DE NÚCLEO RURAL								
Área de expansión	(-)	(-)	(-)	(-)	(-)	(+)	(+)	(+)
SOLO RÚSTICO								
SRPO								
SRPF	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPA	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPP	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPEN	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPC	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPI	(+)	(+)	---	---	---	---	(+)	X
SRPAg	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPAr	---	---	---	---	---	---	(+)	(+)
SISTEMAS XERAIS								
S.X. INFRAESTRUTURAS	X	X	X	X	X	X	(+)	(+)
S.X. DE EQUIPAMENTOS	---	---	---	---	---	X	(+)	(+)
S.X. ESPAZOS LIBRES	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	---	(+)	---

Matriz 4: Unidade Ambiental 4: Áreas de transición fondos de vales e costa/monte

	SOLO	AUGA	VEXETACIÓN	FAUNA	ECOLOXÍA	PAISAXE	SOCIEDADE	ECONOMÍA
SOLO URBANIZABLE (SUBLE)								
SUBLE Delimitado	(-)	(-)	(-)	(-)	(-)	X	(+)	(+)
SOLO DE NÚCLEO RURAL								
Área de expansión	(-)	(-)	(-)	(-)	(-)	(+)	(+)	(+)
SOLO RÚSTICO								
SRPO								
SRPF	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPA	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPP	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPEN	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPI	(+)	(+)	---	---	---	---	(+)	X
SRPAg	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPAr	---	---	---	---	---	---	(+)	(+)
SISTEMAS XERAIS								
S.X. INFRAESTRUTURAS	X	X	X	X	X	X	(+)	(+)
S.X. DE EQUIPAMENTOS	---	---	---	---	---	X	(+)	(+)
S.X. ESPAZOS LIBRES	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	---	(+)	---

Matriz 5: Unidade Ambiental 5: Monte

	SOLO	AUGA	VEXETACIÓN	FAUNA	ECOLOXÍA	PAISAXE	SOCIEDADE	ECONOMÍA
SOLO RÚSTICO								
SRPO								
SRPF	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPA	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPP	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPEN	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPI	(+)	(+)	---	---	---	---	(+)	X
SRPAg	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	X
SRPAr	---	---	---	---	---	---	(+)	(+)
SISTEMAS XERAIS								
S.X. INFRAESTRUTURAS	X	X	X	X	X	X	(+)	(+)
S.X. DE EQUIPAMENTOS	---	---	---	---	---	X	(+)	(+)
S.X. ESPAZOS LIBRES	(+)	(+)	(+)	(+)	(+)	---	(+)	---

3. VALORACIÓN DE IMPACTOS

Para valorar os impactos derivados das accións do PXOM utilizouse un método de valoración cualitativo que analiza as repercusións de cada acción sobre cada unidade ambiental. A opción dun método cuantitativo, obxectivo, quedou descartada ante a inexistencia de datos e información de calidade suficiente para a elaboración de indicadores sobre os que basear a cuantificación.

Acción: Delimitación de "Solo Urbano Consolidado"

A clasificación de "Solo urbano consolidado" afecta á **unidade ambiental 1, o núcleo urbano**. Supón a regularización e a ordenación dos sectores edificados de maneira que en liñas xerais e, por definición, esta delimitación repercute positivamente sobre o territorio e a súa dimensión ambiental.

Ordenan esta clasificación de solo as ordenanzas Z1, Z2, Z3, Z4 e Z5 que corresponden con: edificación residencial de baixa densidade, edificación residencial densa, edificación no casco antigo de Laxe, equipamentos e espazos libres, respectivamente.

As tipoloxías e intensidades edificatorias de cada unha axústanse á realidade urbanística das edificacións existentes, buscando así unha harmonía có anterior e potenciando as tipoloxías tradicionais que tan relegadas foron nas dúas últimas décadas en Laxe.

Só se permite o uso industrial de primeira categoría en planta baixa ou en primeira, e prohibe a edificación auxiliar.. Aínda así, débese ser moi coidadoso con este uso e máis cando está incluído nas áreas residenciais, de maneira que se respecte a lexislación ambiental vixente en canto a ruídos e vibracións, emisións e vertidos. É por isto que no apartado de medidas correctoras e compensatorias deste estudo de sostibilidade faise alusión a estas normas.

Acción: Delimitación de "Solo Urbano Non Consolidado"

A clasificación de "Solo Urbano Non Consolidado" vai repercutir principalmente sobre a unidade ambiental 1, pero tamén sobre a unidade ambiental 3.

Ó igual que no caso anterior do solo urbano consolidado esta clasificación é por principio, positiva, posto que completará os procesos integrais de urbanización e dotacións urbanísticas, contribuíndo ademais á equitativa distribución de cargas e beneficios.

Trátase de cinco áreas nas que a súa urbanización desenvolverase baixo plans especiais de reforma interior (P.E.R.I.) denominados PERI Nº1, 2, 3 e 4. As súas características descríbense na seguinte táboa:

	PERI Nº1	PERI Nº2	PERI Nº3	PERI Nº4
Superficie	18.608 m^2	3.755 m^2	4.670 m^2	30.500 m^2
Uso global	Vivenda colectiva	Vivenda unifamiliar e colectiva	Vivenda unifamiliar e colectiva	Vivenda colectiva
Altura máxima	B+3P	B+1P B+2P	B+1P B+2P	B+2P
Edificabilidade máx.	0,5 m^2/m^2	0,5 m^2/m^2	0,5 m^2/m^2	0,5 m^2/m^2

As afeccións sobre á unidade ambiental 3, vales e costa, son desprezables posto que se trata da urbanización de áreas englobadas no núcleo urbano preexistente.

Acción: Delimitación de "Solo de Núcleo Rural"

A delimitación de "Solo de Núcleo Rural", dado que considera ao núcleo orixinario, só vai a afectar á **unidade ambiental 2, ós núcleos rurais**. De maneira global supón a clasificación de 89,03 ha de solo, o que supón o **2,41% do territorio** municipal.

Os posíbeis impactos que esta delimitación poida causar sobre esta unidade son positivos dado que o solo xa se atopa edificado (de maneira que non modifica as condicións físico-naturais do territorio). Así, os núcleos de poboación rurais disporán de mellores accesos e infraestruturas e a súa tipoloxía tradicional quedará protexida, ao mesmo tempo que se respecta o modelo de asentamento tradicional e se frea a tendencia da dispersión poboacional.

Acción: Delimitación de "Área de expansión do núcleo rural"

Esta delimitación atinxe as **unidades ambientais 2, 3 e 4**, posto que sobre a unidade 5, (monte) non se desenvolveu ningún núcleo rural. De maneira global, supón a clasificación de 68,57 ha de solo, correspondéndose cun 1,86% do territorio do municipio.

A priori semella unha ocupación coherente, tendo en conta que non se repartiu dun xeito uniforme. Empregouse a clasificación dada polas dinámicas construtivas actuais, así coma a importancia do núcleo dentro do municipio. Considerando que os novos crecementos tenden a situarse sobre o solo exterior aos núcleos delimitados e alonxados entre si, non chegando a constituír asentamentos diferenciados. E por outra banda, valorando o papel fundamental da concentración parcelaria nos procesos de expansión do medio rural coa creación dun sistema de

rede de pistas que establecen un novo nivel de accesibilidade, como sucede nas parroquias de Traba e Nande.

Dado que inclúe áreas xa edificadas dos núcleos rurais (pero que non forman parte do núcleo orixinario), os efectos sobre a unidade ambiental 2 dos núcleos rurais serán, ao igual que no caso anterior, positivos, incrementándose o rigor urbanístico e os servizos e accesos.

Na seguinte táboa fican recollidas as afeccións sobre as unidades ambientais 3 e 4:

	UA 3	UA 4
SOLO	- Perda de solo de uso agrícola (cultivos forraxeiros e vacún de leite) nun 56,37 % da superficie total das áreas de expansión nesta unidade, e nun 30,68 % de uso gandeiro (prados en maioría). É dicir, perda de solo de calidade agrolóxica. - Aumento da poboación nestas áreas, de maneira que aumentará o volume de augas residuais urbanas e residuos sólidos que finalizarán no solo (fosas sépticas). O impacto pódese considerar compatible posto que se prevé un bo funcionamento dos sistemas de saneamento e recollida e tratamento de residuos.	- Unha maior perda de solo de uso agrícola (63%), sendo menor nos solos de uso gandeiro (8,47%), posto que nesta unidade os núcleos limítanse moito máis ás zonas aptas para urbanizar e cultivar. A proximidade coa unidade de montes xustifica a presenza dun 26% de uso forestal. - O aumento da poboación será algo menor que na unidade anterior, pero as súas repercusións serán as mesmas. - O impacto pode considerarse compatible de calquera forma.
AUGA	- O único impacto sobre a hidroloxía, que se deriva desta delimitación, é o aumento do consumo do recurso, e polo tanto, da extracción a través de captacións municipais ou pozos comunais e individuais, debido ó previsible incremento da poboación nos núcleos rurais nestas áreas de expansión. Tamén aumentarán as augas residuais que se vertan nos regatos. O impacto debe considerarse compatible posto que a renovabilidade deste recurso é moi elevada no contexto galego.	

	UA3	UA 4
VEXETACIÓN	- Das case 52 ha de área de expansión de núcleo rural presentes nesta unidade ambiental, só o 0,5% vai supor a eliminación nunha cobertura de vexetación arbórea. - Os núcleos afectados son: Cuiña. - Ademais de considerar a superficie afectada como insignificante, cómpre recalcar que se trata de superficies de eucalipto e piñeiro, de valor económico, pero de moi escaso valor botánico e/ou florístico. O impacto polo tanto, pódese considerar compatible posto que, ademais, a superficie afectada pódese considerar insignificante.	- Nesta unidade a superficie de área de expansión de núcleo rural non supera as 17 ha, das cales só o 1% correspóndese con vexetación arbustiva ou arbórea. - É o caso das áreas de expansión de: Matío e, en menor medida, Canle. - Sen embargo, ao igual que na unidade ambiental 3, trátase de formacións de eucalipto e piñeiro, tanto de bosquetes como de extremos de bosques de plantación, considerando pois a súa eliminación como un impacto compatible dado o seu baixo valor ecolóxico, a reducida superficie afectada e a súa abundancia no concello.
FAUNA	- Ao ocuparse unha maioritaria porcentaxe de hábitats antrópicos tales como cultivos e prados, a fauna asociada ao home verase afectada. Pero dado o medio rural que se desenvolverá nestas áreas de expansión, esta fauna asociada ao home volverase a instalar unha vez restablecidos os cambios. - Co respecto á fauna asociada ós hábitats forestais afectados, ao tratarse de formacións de eucalipto e piñeiro, as especies son escasas e a súa singularidade moi baixa. - De maneira que o impacto pode considerarse compatible.	
ECOLOXÍA	- Esta delimitación non abrangue ningunha Área de Interese Ambiental. - Os hábitats afectados por estas delimitacións son maioritariamente de orixe antrópica (cultivos, prados ou plantacións), de maneira que a complexidade e diversidade ecolóxica de partida non era moi significativa. Aínda así, existe un conxunto de relacións ecolóxicas produtivas nestes hábitats, mais aínda cando os usos desenvoltos teñen un carácter tradicional, que se verán afectadas mentres duren os procesos de edificación nestas edificacións. - O impacto, de calquera maneira pode considerarse compatible, posto que tras o período de urbanización, as relacións votarán a establecerse.	
PAISAXE	- As delimitacións non afectan a ningunha Área de Interese Paisaxístico, se ben a proximidade dalgunha delas a estas delimitacións poderían contribuír a aumentar ou diminuír a calidade visual paisaxística, en función do rigor co que avance o proceso de urbanización. De todos xeitos é posible afirmar que o impacto é compatible.	
SOCIEDADE	- As repercusións desta delimitación son positivas para a poboación en canto que aumenta a oferta de vivenda en áreas rurais, onde as condicións ambientais son máis saudables. - En principio, a elevada dispersión destas áreas de expansión dos núcleos rurais contribúe á súa vez a aumentar a dispersión da poboación. Pero, unha vez asumida esta característica da distribución da poboación en Galicia, tenderá a concentrarse nestas áreas e non por todo o territorio. Así será posible o plantexamento da chegada de tódolos servizos e fornecementos, a modo de rede, á maior parte dos núcleos de poboación. É dicir, esta delimitación será positiva a longo prazo.	
ECONOMÍA	- Beneficios para o sector da construción e subsectores comerciais relacionados con este durante o período de vixencia do PXOM, pois aumenta a oferta de solo apto para ser urbanizado.	

Acción: Delimitación de "Solo Urbanizable Delimitado" (S.UR.D.)

Esta delimitación afecta principalmente á **unidade ambiental 3**, vales e costa, aínda que tamén afecta, moi en menor medida, á unidade ambiental 4 correspondente á unidade de transición entre a anterior e a de montes.

Este tipo de **solo residual** implica unha maior superficie dispoñible para os procesos de urbanización, os cales responden ás novas demandas poboacionais do municipio. Trátase dunha maior oferta residencial e industrial, acompañada das súas correspondentes dotacións urbanísticas.

No presente PXOM contémplanse 5 sectores de solo urbanizable delimitado. De maneira resumida:

a) Laxe (inmediacións do núcleo urbano)

O PXOM contempla nas inmediacións do núcleo urbano catro sectores que responden a este tipo de clasificación do solo. Estes, a súa vez, dan resposta ás necesidades de crecemento urbano de Laxe.

Dos sectores contemplados, a delimitación do sector de solo urbanizable delimitado denominado SUD 1 "Laxe", amósase como unha das actuacións máis significativas do PXOM en canto a repercusións sobre a organización territorial e sobre o medio ambiente se refire. Así pois, dada a súa importancia, o presente documento vai realizar, como no resto das delimitacións, unha aproximación á avaliación ambiental das repercusións da urbanización do sector, aumentando, neste caso particular, o grao de detalle do estudo de viabilidade ambiental.

Ademais o Plan Parcial que desenvolva a ordenación do sector, someterase aos procedementos de información e avaliación sectorial aos que se somete o PXOM completo, amais do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, de maneira que chegado o momento da planificación detallada do sector, deberá ser considerada máis exhaustivamente toda a problemática sectorial: costas, conservación da natureza, augas, etc., producíndose unha segunda fase de avaliación para o proceso de urbanización do sector.

b) Parque Empresarial de Laxe, na parroquia de Serantes.

O proxecto do sector é un Parque Empresarial, tipificado como Parque Local Básico Complementario, segundo o Estudo Previo Plan Sectorial de Áreas Empresarias, sendo o seu promotor a sociedade "Solo Empresarial do Atlántico, S.L.". Forma parte ademais das propostas previstas no Plan de Reactivación de Galicia 2003-2006, nas actuación da Costa da Morte.

De seguido figuran as táboas onde se recollen as avaliacións ambientais dos sectores, estudando así, a viabilidade ambiental da súa urbanización.

DELIMITACIÓN 1: SUD 1: " Laxe"

Unidade Ambiental: Superficie: Calificación: Tipoloxía e intensidade edificatoria Impactos:	3 3,94 ha Uso residencial, en maioría Vivenda plurifamiliar B+2 Edificabilidade: 0,14 m^2/ m^2
FORMACIÓN SUPERFICIAL/ / SOLO	▪ O sector abrangue parcialmente unha antiga formación sedimentaria de orixe eólica fixada pola vexetación, que na actualidade xa se atopa integrada no tramo final da chaira aluvial do río de Sanamedio, debido aos procesos de edafoxénese que trouxeron consigo a dinámica xeomorfolóxica e a sucesión ecolóxica. ▪ A singularidade desta formación pódese cualificar, ao sumo, de moderada dado que a súa evolución apartouna da dinámica litoral, e ademais xa se acha antropizada. Así, a súa ocupación parcial *non supón un impacto significativo*. ▪ Por outra banda, a pesares da proximidade do río de Sanamedio (o cal fixo que esta delimitación se dividira en dúas) os procesos de urbanización do sector non afectarán as locais formacións de fluvisois (relegadas ao leito fluvial), dado que a ambas marxes deste áchanse protexidas pola delimitación do espazo natural protexido.
AUGA	▪ O río de Sanamedio ou Río do Lago, dividiu o sector en dúas partes. Dito tramo do río atópase incluído nun espazo natural protexido en réxime xeral (Zona de especial protección dos valores naturais, Costa da Morte). Concretamente, a delimitación do espazo natural, e polo tanto a de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, protexe de 5 a 15 m a cada marxe do curso, segundo o tramo de que se trate. ▪ Ademais da protección outorgada pola delimitación deste espazo natural, para paliar os posibles efectos derivados da proximidade de áreas urbanizadas, proponse unha única área de movemento da edificación no extremo suroeste destinando, o resto do ámbito, a dotacións de carácter público. ▪ Por outra parte, a redacción e execución do Plan Parcial que desenvolverá este sector de solo urbanizable deberase someter a todos os informes sectoriais, e entre eles figura o informe de Augas de Galicia polo que a súa aprobación suporá que a súa urbanización non impacta sobre o recurso auga. ▪ Así, a proximidade do curso fluvial ao sector *non producirá un impacto significativo* sobre o recurso auga.
VEXETACIÓN	▪ A cobertura do solo predominante presente no sector é a de mato-pasteiro, con incursións de pés illados de piñeiro, sendo esta a correspondente coas primeiras etapas da sucesión ecolóxica. Polo que a vexetación afectada componse de uces, queirugas e toxos, con algunha especie de maior porte arbustivo, constituíndo asociacións de baixa singularidade, posto que se trata dunha etapa serial, ademais antropizada dada a súa ubicación. ▪ Segundo o antedito a perda da vexetación afectada *non conleva a un impacto significativo* sobre a flora ou a vexetación.
FAUNA	▪ As repercusións debidas á eliminación e/ou alteración do hábitat, vanse considerar pouco significativas, debido á escasa singularidade deste e a súa elevada representación no resto do termo municipal. Esta delimitación non vai supoñer unha diminución dos valores faunísticos do concello, se ben é conveniente aplicar algunha medida correctora para paliar danos cara a ornitofauna, sobre todo. ▪ As posibles afeccións que a urbanización deste sector poida producir sobre a fauna radican, principalmente, nas molestias ocasionadas aos seres vivos animais do espazo natural próximo constituído polo curso final do río de Sanamedio e as Brañas Mouras. Entre os grupos animais máis afectados figurarían as aves. ▪ Sen embargo, os efectos destas molestias diminúen si se ten en conta o actual entorno artificial do sector, anexo ao núcleo urbano de Laxe e circundado por

	urbanizacións e incluso por unha estación subministridadora de combustibles, así como polo paso da estrada comarcal AC-431. Amais, concéntrase a zona de edificación nunha soa área sita no extremo suroeste do ámbito, é dicir, a máis afastada do curso e, por ende, do espazo natural protexido. O resto da superficie destínase a dotacións de carácter público con menor incidencia no medio biótico. - Así, o *impacto sobre a fauna pódese considerar compatible*.
ECOLOXÍA	- Esta delimitación *non impacta significativamente nos hábitats e procesos ecolóxicos*, posto que se trata dun hábitat abundante no municipio e correspondente a unha etapa serial da sucesión ecolóxica. - A proximidade das Áreas de Interese Ambiental 1.6 e 1.7, (espazo natural en réxime de protección xeral) que parte este sector urbanizable en dúas pezas, non suporá impactos significativos debido a todo o anteriormente exposto para a vexetación e a fauna.
PAISAXE	- Esta delimitación non afecta a ningunha Área de Interese Paisaxístico, e o interese paisaxístico que presenta é medio-baixo. - A solución de continuidade urbana que este sector aporta á estrutura territorial de Laxe, xunto á creación de espazos libres, tanto dos sistemas xerais como do sistema local, probablemente se traducirán nun aumento considerable da calidade paisaxística do sector e o seu entorno inmediato. - O *impacto da urbanización do sector sobre a paisaxe é, polo tanto, lixeiramente positiva*.
SOCIEDADE	- Supón unha maior oferta de vivendas e, polo tanto, o abanico de alternativas para a súa busca será maior e máis accesible. - Supón unha maior accesibilidade para a poboación da vila e dos futuros desenvolvementos urbanísticos para cos equipamentos existentes e os proxectados.
ECONOMÍA	- Beneficios para o sector da construción e o moble mentres dure o proceso de urbanización da área. - Beneficios para o sector comercial coa instalación de centros e servizos. - Beneficios para a actividade turística, dada a situación privilexiada do sector, tan preta á praia de Laxe e con fermosas vistas da costa; así como pola maior oferta de espazos verdes e equipamentos que terán lugar co desenvolvemento deste sector.
POBOAMENTO E INFRA-ESTRUTURAS	- Superficie que beneficiará a estrutura territorial de Laxe, aportando continuidade ao núcleo urbano actual, máis aínda ao considerar que a edificación do sector se vai a concentrar xunto á xa existente, marxe da estrada AC-431, no extremo suroeste do ámbito. - Trátase dunha maior superficie urbanizada, que conlevará un maior requirimento de infraestruturas e servizos para máis poboación. - As redes xerais de abastecemento de auga e sumidoiros existentes son suficientes para atender a demanda residencial prevista. Por outra banda, prevese o reforzo da estrada AC-431 e adscríbese o sistema xeral ZV-5.
SÍNTESE	- O **impacto** desta delimitación pódese considerar **compatible** posto que existen <u>importantes repercusións positivas</u> (socioeconómicas: aumento da poboación e dos ingresos a escala local; mellora da estrutura urbana e aumento de infraestruturas e servizos dotacionais).

DELIMITACIÓN 2: SUD 2: " Laxe"

Unidade Ambiental:	3
Superficie:	1,77 ha
Calificación:	Uso residencial, en maioría
Tipoloxía e intensidade edificatoria	Vivenda colectiva na parte máis próxima ao núcleo urbano e unifamiliar no resto do sector. Edificabilidade: 0,40 m^2/ m^2
Impactos:	
FORMACION/SOLO	- Modificación da formación de mato pasteiro que cobre a meirande parte da superficie, así como de pequenas parcelas destinadas a cultivos de autoconsumo en avanzado estado de abandono. - Perda de regosol úmbrico e cambisol húmbrico, aínda que este en menor medida, o que lle corresponde unha calidade agrolóxica baixa de IV.
AUGA	- Ningunha formación superficial de auga queda incluída no sector.
VEXETACIÓN	- A cobertura de solo dominante é a de mato e pasto, polo que a vexetación que será eliminada correspóndese con fentos, prados artificiais e incluso algunha pequena parcela de cultivo. Estas asociacións carecen de singularidade estando ademais moi antropizadas.
FAUNA	- A delimitación deste sector non vai supor perdas importantes dos valores faunísticos do municipio posto que o grupo faunístico afectado é reducido. Por outra banda, este áchase familiarizado cos ambientes antropizados polo que lle resta dificultades de adaptación á nova situación
ECOLÓXÍA	- Esta delimitación non impacta significativamente nos hábitats e procesos ecolóxicos, posto que se trata dun hábitat abundante e correspondente a unha etapa serial, atopándose ademais moi degradado.
PAISAXE	- Non afecta a ningún Área de Interese Paisaxístico. O interese paisaxístico que presenta é medio, respondendo á proximidade para co mar. En función do rigor urbanístico co que se desenvolva a edificación, a paisaxe poderá verse máis favorecida ou máis afectada.
SOCIEDADE	- Supón unha maior oferta de vivendas e polo tanto o abanico de alternativas para a súa búsqueda será maior e máis accesible.
ECONOMÍA	- Beneficios para o sector da construción e o moble mentres dure o proceso de urbanización da área. - Beneficios para o sector comercial coa instalación de centros e servizos.
POBOAMENTO E INFRA-ESTRUTURAS	- Só se trata dunha maior superficie urbanizada, que conlevará un maior requirimento de infraestruturas e servizos para un maior número de poboación. - A tipoloxía unifamiliar de edificación aberta ou semiaberta, xunto coa vivenda colectiva nas inmediacións da vila permite unha boa integración do núcleo urbano co medio natural e rural adxacente. Así mesmo, a urbanización deste sector completará o tecido urbano consolidado no extremo norte da vila, posto que o mesmo áchase no medio de dúas áreas urbanas. Así pois, ordenación quedará perfectamente integrada na malla urbana, dando continuidade ao tecido da vila. - Adscríbese un espazo libre que servirá de conexión entre o casco urbano e o gran parque previsto na península de Insua cunha superficie próxima aos 2.987m^2 (ZV-9), esta superficie servirá de conector entre o gran parque que se proxecta na Península da Insua e o núcleo urbano, así como a franxa máis próxima á costa.
AFECCIÓN	- A delimitación do urbanizable exclúe a franxa dos 100m máis próximos á costa, delimitando un espazo libre de sistema xeral que se adscribe ao sector. Polo que a posible afección queda minimizada.
SÍNTESIS	- Tanto as formacións abióticas como bióticas afectadas carecen de valores singulares polo que as repercusións sobre o medio físico-natural son pouco significativas. Isto unido a que as mesmas dos medios socioeconómicos e de poboamento e infraestruturas son positivas, fai que o **impacto** desta delimitación sexa **compatible**.

DELIMITACIÓN 3: SUD 3: " Laxe"

Unidade Ambiental: Superficie: Calificación: Tipoloxía e intensidade edificatoria Impactos:	3 1,74 ha Uso residencial Vivenda unifamiliar. Edificabilidade: 0,3 m^2/ m^2
FORMACION/SOLO	- Modificación da formación de mato pasteiro e parcelas de cultivos e prados en avanzado estado de abandono. - Perda de regosol úmbrico e cambisol húmbrico, aínda que este en menor medida, o que lle corresponde unha calidade agrolóxica baixa de IV ou nula VII.
AUGA	- Ningunha formación superficial de auga queda incluída no sector.
VEXETACIÓN	- A cobertura de solo dominante é a de mato e pasto, polo que a vexetación que será eliminada correspóndese con fentos, prados artificiais ou antigas hortas en avanzado estado de abandono. Estas asociacións carecen de singularidade estando ademais moi antropizadas.
FAUNA	- A delimitación deste sector non vai supor perdas importantes dos valores faunísticos do municipio posto que o grupo faunístico afectado é reducido. Por outra banda, este áchase familiarizado cos ambientes antropizados polo que lle resta dificultades de adaptación á nova situación
ECOLÓXÍA	- Esta delimitación non impacta significativamente nos hábitats e procesos ecolóxicos, posto que se trata dun hábitat abundante e correspondente a unha etapa serial, atopándose ademais moi degradado.
PAISAXE	- Non afecta a ningunha Área de Interese Paisaxístico. O interese paisaxístico que presenta é medio, respostando á proximidade para co mar. En función do rigor urbanístico co que se desenvolva a edificación, a paisaxe poderá verse máis favorecida ou máis afectada.
SOCIEDADE	- Supón unha maior oferta de vivendas (cun total de 25) e polo tanto o abanico de alternativas para a súa búsqueda será maior e máis accesible.
ECONOMÍA	- Beneficios para o sector da construción e o moble mentres dure o proceso de urbanización da área. - Beneficios para o sector comercial coa instalación de centros e servizos.
POBOAMENTO E INFRA-ESTRUTURAS	- Só se trata dunha maior superficie urbanizada, que conlevará un maior requirimento de infraestruturas e servizos para un maior número de poboación. A conexión das redes de abastecemento e saneamento do sector efectuarase coas redes existentes, considerándoas suficientes dado que o desenvolvemento do sector suporá unhas 25 vivendas que poden ser abastecidas polos servizos existentes no entorno. - A tipoloxía unifamiliar de edificación aberta ou semiaberta, permite unha boa integración do núcleo urbano co medio natural e rural adxacente.
SÍNTESIS	- Tanto as formacións abióticas como bióticas afectadas carecen de valores singulares polo que as repercusións sobre o medio físico-natural son pouco significativas. Isto unido a que as mesmas dos medios socioeconómicos e de poboamento son positivas, fai que o **impacto** desta delimitación sexa **compatible**.

DELIMITACIÓN 4: SUD 4 "Laxe"

Unidade Ambiental: Superficie: Calificación: Tipoloxía e intensidade edificatoria Impactos:	3 5,12 ha Uso residencial en maioría Vivenda unifamiliar. Edificabilidade: 0,3 m^2/ m^2
FORMACION/SOLO	- Modificación dunha formación superficial pertencente a unha pequena lomba e parte da súa suave ladeira, que non presenta rasgos xeomorfolóxicos singulares. - Perda de regosol úmbrico e cambisol úmbrico, aos que lle corresponde unha calidade agrolóxica moi baixa, clase VII e VIII, en cuxo caso o solo áchase moi alterado.
AUGA	- Ningunha formación superficial de auga queda incluída no sector. As posibles consecuencias sobre á hidroloxía teñen que ver co desenvolvemento das infraestruturas de fornecemento e abastecemento de auga, e analizaranse noutro apartado.
VEXETACIÓN	- A cobertura do solo presente no sector é mato con algunha inclusión dunha pequena área de piñeiros, que por outra banda correspóndense con asociacións que non presentan trazos de singularidade. A isto súmaselle o actual estado de degradación do mato e a antropización da cuberta arbórea.
FAUNA	- A delimitación non vai supor unha diminución dos valores faunísticos do municipio posto que o grupo faunístico afectado é reducido e carece de valores singulares. - Pódese afirmar que dado á proximidade do núcleo urbano de Laxe, parte do grupo faunístico afectado áchase relacionado con ambientes antropizados polo que lle resta dificultades a súa adaptación á nova situación.
ECOLÓXÍA	- Esta delimitación non impacta significativamente nos hábitats e procesos ecolóxicos, posto que se trata de hábitats abundantes en toda a rexión galega. Ademais hai que subliñar o estado de degradación do mato e do pino, aínda que este último ten pouca importancia no sector.
PAISAXE	- Esta delimitación non afecta a ningún Área de Interese Paisaxístico, e o interese paisaxístico que presenta é medio-baixo. En función do rigor urbanístico co que se desenvolva a edificación, a paisaxe poderá verse máis favorecida ou máis afectada.
SOCIEDADE	- Supón unha maior oferta de vivendas e polo tanto a ampliación de alternativas para a búsqueda será maior e máis accesible. - Ao desenvolvemento do sector adscríbese un equipamento de uso asistencial e un amplo espazo verde situado na ladeira do Monte de Santa Rosa, polo que a súa creación incrementará a calidade de vida e o benestar da poboación local.
ECONOMÍA	- Beneficios para o sector da construción o moble mentres dure o proceso de urbanización da área. - Beneficios para o sector comercial coa instalación de centros e servizos.
POBOAMENTO E INFRA-ESTRUTURAS	- Trátase dunha superficie urbanizada, que conlevará un maior requirimento de infraestruturas e servizos para máis poboación. A conexión principal deste sector cos vieiros principais producirase dende a nova vía que prevé o PXOM polo límite oeste da Vila de laxe, reforzando o camiño existente ao sur do ámbito denominado SX.V-03. Por outra banda, a conexión coas redes de abastecemento e saneamento realizarase coas infraestruturas existentes, dimensionándose para tal fin. - A tipoloxía unifamiliar, permite unha boa integración do núcleo urbano co medio natural e rural e urbano adxacente.
SÍNTESIS	- Tanto as formacións abióticas como bióticas afectadas carecen de valores singulares polo que as repercusións sobre o medio físico-natural son pouco significativas. Isto unido a que as mesmas dos medios socioeconómicos e de poboamento e infraestruturas son positivas, fai que o **impacto** desta delimitación sexa **compatible**.

DELIMITACIÓN 5: SUD 5: " Laxe (Parque Empresarial)"	
Unidade Ambiental: Superficie: Calificación: Tipoloxía/Intensidade Impactos:	3 e, en menor medida, 4 5,91 ha Uso industrial Única, de nave industrial e almacéns
FORMACIÓN/SOLO	- Alteración da ladeira esquerda do río de Sanamedio ou río do Lago. - Perda de fluvisois cunha alta calidade agrolóxica, clase III e, en menor medida, clase VII. Non obstante, a existencia de solos potencialmente agrícolas no termo municipal, mingua o impacto que poida supor esta perda. O mesmo acontece ao observar as coberturas do solo existentes na actualidade, ocupando máis do 50% plantacións de eucalipto e piñeiro.
AUGA	- A delimitación pode afectar á morfoloxía e o réxime do río de Sanamedio, forma fluvial adxacente á ubicación, cuxa distancia inferior rolda os 50 metros. Non obstante, co fin de paliar os posibles impactos sobre o seu curso, situaranse as zonas verdes do sector no extremo suroriental do ámbito.
VEXETACIÓN	- A cobertura do solo predominante son bosquetes de plantación, maioritariamente de coníferas, asociados con prados. Así pois, pódese considerar os seus efectos sobre a vexetación como desprezables, por tratarse de cubertas carentes de valores de singularidade e cun forte grao de antropización.
FAUNA	- Esta delimitación non vai supoñer unha diminución dos valores faunísticos do concello posto que o grupo faunístico afectado caracterízase por estar vinculado á presenza do home.
ECOLÓXÍA	- Esta delimitación non impacta significativamente nos hábitats e procesos ecolóxicos dado que se trata de hábitats antrópicos na meirande parte, de escaso valor ecolóxico.
PAISAXE	- Esta delimitación non afecta a ningunha Área de Interese Paisaxístico, e o seu interese paisaxístico é medio, dada a antropización do medio. É de esperar ca edificación de tipo industrial provoque unha diminución da calidade paisaxística, pero dado que a súa fraxilidade non é moi elevada, o impacto visual poderase ver amortiguado dun xeito doado.
SOCIEDADE	- Supón unha maior oferta de emprego no concello, ao mesmo que a creación de sinerxías para outros sectores económicos existentes no concello.
ECONOMÍA	- Beneficios para o sector da construción mentres dure o proceso de urbanización da área. - Beneficios para os sectores que se asenten no novo recinto, favorecidos polas vantaxes comparativas que isto lles vai supor.
POBOAMENTO E INFRA-ESTRUTURAS	- Poderá supoñer a concentración das actividades industriais no seu sector. - O entronque co sistema xeral viario xa está previsto no proxecto de acondicionamento da estrada AC-433, redactado pola D.X. de Obras Públicas. Constitúe un único acceso a esta vía. - A conexión coa rede de abastecemento queda garantida a través da rede municipal existente no anterior sistema xeral viario. Na mentres, o saneamento das augas residuais precisa da construción dunha depuradora así como dunha balsa de decantación para a recollida das augas pluviais.
SÍNTESIS	- O **impacto** desta delimitación de solo industrial pode considerarse **compatible** posto que, a priori, a meirande parte das repercusións son ou poden ser positivas (especialmente as vencelladas coas variables Economía e Sociedade).

Acción: Delimitación de "Solo Urbanizable Non Delimitado" (S.UR.ND.)

En cumprimento da orde da orde do 2 de xuño de 2009 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas elimínase o único ámbito clasificado como solo urbanizable non delimitado que existía no Plan Xeral nas proximidades do solo urbano na zona coñecida como Fenllido.

Acción: Delimitación de "Solo Rústico" (S.R.)

As principais delimitacións de Solo Rústico que van influír nas dimensións territorial e ambiental do espazo son:

- S.R. de Protección Forestal
- S.R. de Protección Agropecuaria
- S.R. de Protección das Costas
- S.R. de Protección das Augas
- S.R. de Protección de Espazos Naturais
- S.R. de Protección Paisaxística
- S.R. de Protección de Infraestruturas
- S.R. de Protección Arqueolóxica
- S.R. de Protección Ordinaria

Todas estas clasificacións, poden supor algunhas trabas na xestión das propiedades privadas, pero fan compatibles o manexo e aproveitamento das mesmas coa **conservación dinámica** do patrimonio natural e cultural de Laxe. Polo tanto, a priori, orixinan un impacto positivo sobre o medio ambiente e sobre o territorio. Aínda así, estudaranse algunhas delas con máis detalle.

No caso dos solos rústicos de protección agropecuaria e forestal, partindo da base de que o resultado será a existencia de terreos protexidos para o desenvolvemento de actividades produtivas primarias, os posibles impactos, tanto positivos coma negativos, produciranse na medida que estas delimitacións se axusten á verdadeira vocación do territorio abranguido e ao uso actual deste. Por iso, para á súa avaliación, comparáronse as clasificacións forestal e agrícola có mapa forestal e de coberturas do solo e có mapa de usos potenciais elaborado no estudo do medio rural.

A) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL

Trátase do solo rústico de protección maioritario, abranguendo os terreos de repoboación tan abundantes e homoxéneos do concello. Con respecto á súa superposición coas coberturas de solo actuais, a situación de partida é que, evidentemente, correspóndese en máis dun 85% coas superficies destinadas a repoboacións existentes. Non obstante, só supón o 67% da superficie destinada a pino e eucalipto existente no municipio, posto que o 33% restante correspóndese con zonas que conteñen outro tipo de protección, polo que as clasificacións do solo figuran como Solo Rústico de Protección Paisaxística, Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, Solo Rústico de Protección de Costas, Solo Rústico de Protección de Augas e incluso cando se trata de masas forestais moi fragmentadas e ademais en solos de produtividade agrícola, figuran como Solo Rústico de Protección Agropecuaria. Tal é o caso das zonas próximas ao núcleo de poboación de Romea, bandas paralelas ao río de Sanamedio ou río do Lago.

A superficie do municipio abranguido por esta protección supón o 35,96% do territorio de Laxe. Pódese deducir que os impactos desta clasificación de Solo Rústico de Protección Forestal son predominantemente positivos, posto que recollen os terreos cunha elevada produtividade forestal, tanto actual coma potencial.

B) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA

No caso dos solos cunha elevada produtividade agropecuaria (clases agrolóxicas II e III), atópase nunha situación de partida na que algunhas explotacións forestais ocupan parte deles, aínda que nunha proporción moi baixa (algo máis do 5%), feito que pode chamar a atención se atendemos á reducida superficie con potencialidade agrolóxica no municipio (25%).

USOS DO SOLO_SRPA	CLASES AGROLÓXICAS						
	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
C.F.en maioría e outros cultivos, Vacún e Leite (VL)	24,10%	33,95%	0,24%	-	0,03%	1,22%	2,74%
C.Forraxeiros en maioría, VL	-	-	-	-	-	-	-
Eucalipto e piñeiro	0,81%	4,49%	0,64%	-	0,59%	1,67%	-
Lagoas continentais	-	-	-	-	-	-	-
Lagoas litorais	-	-	-	-	-	-	-
Marismas	0,28%	-	-	0,32%	-	-	-
Mato e especies madeireiras	0,93%	0,23%	-	-	-	-	-
Mato-Pasteiro	-	-	-	-	-	-	-
Mato-Pasteiro con rocha	-	-	-	-	-	-	-
Prados en maioría e cultivos anuais	12,86%	12,15%	0,23%	-	0,02%	1,34%	0,03%
Praias, dunas e areais	-	-	-	-	-	-	-
Rochedos costeiros	-	-	-	-	-	-	-
Z.ind, comerciais e servizos	-	-	-	-	-	-	-
Mato	-	0,12%	-	-	-	-	-
Núcleos de poboación	0,43%	0,16%	-	-	-	-	-
TOTAL	**39,41%**	**51,1%**	**1,11%**	**0,32%**	**0,64%**	**4,23%**	**2,77%**

Así, e posto que a produtividade agrícola é mais restritiva que as demais, tense que os solos de potencialidade agrícola son maiores que os solos con coberturas agrícolas actuais. Sen embargo, coma xa se viu, algúns terreos forestais fragmentados figuran como Solo Rústico de Protección Agrícola, de maneira que se compensa en gran parte a ocupación destes por aqueles.

En canto á diferenciación de Solo Rústico de Protección Agropecuaria de clase agrolóxica II (solos máis aptos para as labores agrícolas) e de clase agrolóxica III (solos menos aptos que os anteriores) vese, na táboa anterior, que gardan, ambas as dúas, certa correspondencia, case coas mesmas porcentaxes de ocupación, con cultivos e pasteiros. Cabe sinalar o predominio de solos con clase agrolóxica III, sobre calquera outra clase, que xunto coa clase II, suman o 91% do Solo Rústico de Protección Agropecuaria, quedando xustificado así, dita delimitación.

Pode deducirse así, pois, que os impactos desta delimitación de Solo Rústico de Protección Agropecuaria (pese a reducida superficie incluída dentro desta protección posto que supón aproximadamente o 5,16 % do territorio municipal) son positivos en tanto que reflexa e potencia a proporción de solos cunha elevada potencialidade agropecuaria.

C) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS

Esta delimitación comprende, como di a LOUPMRG no seu artigo 32.2.e, os terreos que se atopan a unha distancia inferior aos 200 metros do límite inferior da ribeira do mar, situados ademais fóra dos núcleos rurais e do núcleo urbano. Ao norte do núcleo urbano de Laxe, así como na zona da praia redúcese esta distancia aos 100m, acolléndose a unha excepcionalidade contemplada no mesmo artigo, e que contan con informe favorable da Comisión superior de urbanismo.

Desde o punto de vista dos posibles impactos ambientais e/ou territoriais, esta redución, non contribuirá a aumentar máis as repercusións da urbanización sobre a xeomorfoloxía costeira posto que: o estado de alteración da península co asentamento urbano é xa moi elevado, e, por outra banda, os equipamentos e espazos libres deseñaranse dentro dos 100 metros da ribeira do mar incluídos na delimitación do urbanizable.

D) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS

As zonas potencialmente máis vulnerables, baixo unha visión hidrolóxica, que deberían figurar protexidas como Solo Rústico de Protección de Augas serían as posibles zonas de inundación e aquelas zonas nas que existan augas subterráneas que deban ser protexidas, así como as inmediacións dos leitos en función da entidade destes e da súa cunca ou subcunca hidrográfica.

A rede hidrolóxica do concello de Laxe caracterízase por presentar cursos fluviais de escasa entidade que nacen e verten directamente ao mar no seu territorio. Ademais, as tres cuncas principais (Traba, rego de Soesto e río de Sanamedio) presentan no seu percorrido final, un tipo de drenaxe desordenado, sobre todo a primeira, e a segunda. Este vén motivado pola desembocadura destes cursos fluviais principais en baías e/ou enseadas, o cal favorece o aporte de materiais sedimentarios mariños, que van freando o aporte sedimentario fluvial. Así, nestes tramos finais das cuncas foise modelando unha topografía suave, máis ben chá, a cal á súa vez propiciou a formación de marismas ou zonas húmidas, e ata unha lagoa, no caso de Traba, ao constituírse unha barreira ao paso da auga doce ata o seu vertido ao mar, froito dos aportes fluviais e mariños.

De maneira que, aínda que tanto por caudal, sección e entidade da cunca, non se atopan cursos fluviais de entidade significativa, a importancia xeomorfolóxica e ecolóxica dos espazos que estes cursos orixinan, xustifica obxectivamente o respecto da zona de policía dos 100 metros para a delimitación do **Solo Rústico de Protección de Augas** (SRPA) en todos os casos de cursos fluviais cartografados. En todos, agás nun, o último dos afluentes do río de Sanamedio, cuxa cartografía iníciase nas inmediacións do núcleo rural de Lourido. Para este curso de auga o PXOM acóllese á excepción contemplada no segundo paragrafo do apartado d) no artigo 32 da lei 9/2002, modificada pola lei 15/2004, e propón unha delimitación de Solo Rústico de Protección de Augas de 20 metros a cada lado do curso.

A redución realizada para este afluente do río de Sanamedio fundaméntase en varios puntos que se poden agrupar baixo dúas dimensións: ambiental, e legal-institucional.

a) Cuestións de índole ambiental:

Desde o punto de vista ambiental a redución do Solo Rústico de Protección de Augas xustifícase nos seguintes puntos:

- Ao feito de que o caudal e sección do curso hídrico non son dunha entidade significativa (sección media inferior aos 30 cm.), úneselle a actuación sobre o curso superficial que xustifica o fin do seu trazado cartográfico, a culminación da auga transportada nun lavadoiro, actualmente en situación de abandono. Tras o lavadoiro a auga non segue o seu paso constituíndo un curso superficial definido, se non que o escaso caudal evacuado vai sendo asimilado pola escorrenta subsuperficial, a cal chega á base da chaira aluvial do rego de Sanamedio, contribuíndo ao mantenemento da formación das Brañas Mouras.
- A subcunca do afluente de estudo do río de Sanamedio, amosa unha elevada pendente no curso cartografado, xa que se conforma entre as cotas máis altas do concello, os

montes de Castelo de Lourido (315 m.) e Alto das Penas (308 m.). Esta elevada pendente supón un corredoiro relativamente ben definido tanto para a escorrenta superficial como para a escorrenta subsuperficial. Así, se este leito para o transporte da auga é de reducida sección, as posibilidades de afección a este curso fluvial igualmente diminúen e, polo tanto, é posible reducir a súa área de protección.

A continuación, amósase un mapa ilustrativo da anterior xustificación.





b) Cuestións de índole legal-institucional

O Solo Rústico de Protección de Augas, supón unha das clasificacións de solo máis restritivas en canto a usos e actuacións permitidas ou autorizables na súa delimitación. Nalgúns casos, dado á súa natureza anteriormente descrita, optouse por reducir a delimitación do SRPAg ata os 20 m, xa que:

- Esta redución non exime do cumprimento do texto refundido da Lei de Augas (Real Decreto lexislativo 1/2001), do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH) que a desenvolve (Real Decreto 849/1986), e do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa que lle afecta; polo tanto, nos planos de ordenación figurará igualmente a consideración da zona servidume de policía de leito, definida como a *zona de 100 metros de anchura,*

medidos horizontalmente a partires do leito. Así, o PXOM establece para ese ámbito unha afección sobre as categorías de solo que lle afecten tal que se cumpra o estipulado no artigo 9.1 do RDPH: "Na zona de policía de 100 m. [...] quedan sometidas a este regulamento as seguintes actividades e usos do solo: a) as alteracións substanciais do relevo natural do terreo; b) as extraccións de áridos; c) as construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional; d) calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de avenidas ou que poida ser causa da degradación ou deterioro do DPH." De maneira que a execución de calquera obra ou traballo nesta zona de policía de leitos precisará autorización administrativa previa do Organismo de Conca (neste caso, Augas de Galicia), sen prexuízo do disposto no RDPH. Dita autorización será independente de calquera outra que teña que ser outorgada polos distintos órganos das administración públicas.

- Ademais, independentemente da afección proposta da servidume de policía leitos, a clasificación de solo planificada para esta zona é a de un solo rústico, de maneira que os principais usos construtivos non son permitidos e/ou autorizables.

Así, dadas todas estas consideracións de diversas naturezas, estimouse xustificada a redución ata os 20 metros do Solo Rústico de Protección de Augas que contempla o PXOM para este curso.

Con respecto á delimitación de posibles zonas de inundación, cómpre dicir que non se dispón de datos de series de caudal dos cursos fluviais do concello. Na meirande parte dos casos, isto débese á escasa entidade destes cursos. Para ratificar isto, amósase a referencia literal da documentación remitida polo Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica de Augas de Galicia a este respecto: "En principio, no Plano Hidrolóxico de Galicia Costa non se recolle ningunha zona con risco de enchente no concello de Laxe. Achégase copia do plano nº8-Risco de Enchentes, no que se reflicten as zonas sinalas no Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa.". Dito plano nº 8 figura a continuación.



Así, o SRPA non protexe ningunha área potencialmente inundable.

Por último, no caso das augas subterráneas, non se ten constancia da existencia de acuíferos de entidade no concello (xa en Galicia só se recoñecen dous).

En definitiva, o Solo Rústico de Protección de Augas vai protexer as inmediacións dos leitos dos cursos fluviais, respectando case ao 100% a normativa máis restritiva. As súas repercusións son, polo tanto, positivas.

E) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS

Baixo esta clasificación de solo quedan protexidos tanto os espazos naturais protexidos pola lexislación ambiental, como outros espazos que, tras o diagnóstico ambiental efectuado do territorio de Laxe, presentaban valores destacados nalgunha/s das principais variables ambientais (xeoloxía, xeomorfoloxía, botánica, zooloxía, ecoloxía).

En Laxe no primeiro caso atópase o espazo proposto na Rede Natura 2000 de Galicia, o LIC Costa da Morte. Este está protexido baixo a figura de "Zona de Especial Protección dos Valores Naturais" segundo o decreto 72/2004 e a Resolución de 30 de abril de 2004 da Consellería de Medio Ambiente.

O resto dos solos clasificados como SRPEN correspóndense coa proposta realizada no diagnóstico ambiental referente as Áreas de Interese Ambiental: Penedos de Traba, Torre da Moa e Monte da Mina ou Coto da Lagoa.

Posto que estas delimitacións, que supoñen aproximadamente o 23% da superficie municipal, están baseadas nun profundo análise e diagnóstico do territorio, pode afirmarse que as súas repercusións son positivas.

F) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INTERESE PAISAXÍSTICO

Esta clasificación de solo axustouse a proposta feita polo diagnóstico ambiental de Áreas de Interese Paisaxístico e Áreas de Protección Paisaxística.

Desta maneira vaise protexer tanto aquelas zonas nas que o proceso de urbanización suporía un elevado impacto visual, como aquelas outras que verdadeiramente gozan dun elevado interese paisaxístico debido á, tamén elevada, calidade e fraxilidade paisaxística. A delimitación deste tipo de solo supón a clasificación do 12,68% da superficie municipal.

Posto que xa quedou debidamente fundamentado a análise paisaxística que levou á proposta destas áreas, o impacto desta clasificación considérase positivo.

G) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Esta delimitación fai referencia ás distancias mínimas establecidas pola lexislación sectorial de cada tipo de infraestrutura (viario, electricidade, abastecemento, saneamento, porto, telefonía e TV) que deben gardarse respecto a estas. Polo tanto a avaliación das repercusións desta clasificación de solo rústico de especial protección non comprende a valoración dos sistemas xerais e locais de infraestruturas como tal, senón que unicamente se centra na delimitación da súa distancia de protección.

Por todo isto, as afeccións do Solo Rústico de Protección de Infraestruturas delimitado neste PXOM debe considerarse positiva, posto que cumpre coa normativa sectorial existente.

H) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA E SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL, ARTÍSTICO E HISTÓRICO

Neste caso, ao igual que no anterior Solo Rústico de Especial Protección, as repercusións van ser positivas, posto que protexerá o patrimonio cultural de Laxe que se atopa disperso polo medio rural.

I) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA

O presente PXOM clasificou como Solo Rústico de Protección Ordinaria aqueles espazos que dado os seus valores non son merecedores de ningunha outra protección, ocupando unha superficie de 3,14 ha o que significa o 0,08 % da superficie municipal, correspondéndose con tres parcelas localizadas dúas na parroquia de Traba e outra na de Serantes.

Por iso, non cabe dúbida, que as afeccións que presenta esta clasificación de solo son, por principio, positivas.

Acción: "Sistemas Xerais (S.X.) e Locais (S.L.)

Os Sistemas Xerais fornecen ao municipio das dotacións, servizos e accesos indispensábeis para o desenvolvemento dunha vida con calidade. Así, na meirande parte dos casos, os impactos producidos por estes sistemas xerais produciranse máis pola falta ou ausencia, ou a baixa eficiencia, que polos seus efectos. E é que si se implantan dunha forma correcta, as súas repercusións son, por principio, positivas.

A) SISTEMA DE COMUNICACIÓNS

O PXOM estruturou e identificou o sistema de comunicacións de tal forma que o resultado clasificara os distintos tipos de viarios do concello en función do seu rango de importancia, é dicir, da súa titularidade, ancho, estado, ou influencia na estruturación do concello. Así, nun primeiro escalafón, áchase a rede autonómica cuxo titular é a Xunta de Galicia, e dentro desta diferéncianse entre a rede primaria (AC-431) e a rede secundaria (AC-433 e AC-434), ao que se lle engade a AC-02-198.03 estrada que une Mordomo-Camelle. Por outra banda, atópase a rede provincial cuxo titular é a Deputación Provincial de A Coruña (CP-4001). E por último, o restante viario do concello constitúe a rede municipal.

Na totalidade dos casos trátase de **vías existentes** que xa están a cumprir a función de artellar territorialmente o concello **ou ben** que **se van adaptar** a esta funcionalidade para lles dar un acceso axeitado aos novos ámbitos de desenvolvemento urbanístico.

A meirande parte do sistema viario considérase suficiente e cun aceptable estado, aínda así, propóñense determinadas melloras que van a facilitar a fluidez do tráfico e, por ende, as comunicacións coa capital municipal. Estas vanse centrar no reforzamento do viario existente polo que dende o punto de vista ambiental e paisaxístico non vai supor impactos de carácter importante. As obras van consistir no acondicionamento dos sectores propostos, nalgúns casos incrementando o seu ancho.

A principal obra áchase no acondicionamento dun sistema xeral viario de titularidade municipal nas inmediacións do núcleo urbano de Laxe. Este reforza as vías existentes comunicando o norte e o sur da vila de Laxe, e con iso, favorece a comunicación da meirande parte dos sectores urbanizables, propostos polo PXOM, para ca mesma e, de xeito moi especial, cos urbanizables nº 3 e 4. A circulación, así como a intensidade do tráfico, verase reducida no núcleo urbano ao non ter que canalizar todos os desprazamentos dos urbanizables co resto do territorio, o que supón unha vía de desconxestión e de reforzo. A súa obra aproveita na meirande parte do seu percorrido camiños existentes, posto que se centra no acondicionamento dos

mesmos, polo que as súas repercusións ambientais vense reducidas considerablemente. Por outra banda, tan só conta cunha sección de sete metros de ancho, sendo nalgúns sectores ampliado para a incorporación de pequenas beirarrúas. Desde o punto de vista paisaxístico, posto que aproveita trazados existentes, non vai supor un impacto significativo, pola contra, favorece a posta en valor do elevado interese paisaxístico que a Costa da Morte posúe incrementándose así a súa fraxilidade visual e, con isto, os puntos de observación.

Por outra banda, dentro das principais melloras do sistema de comunicacións previstas no PXOM contémplase a creación do vieiro V-01 e co desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable delimitado 3 e 4, nas inmediacións do núcleo urbano, contémplase o acondicionamento de varios treitos do sistema xeral viario cos que se pretende comunicar e dotar infraestruturalmente este sector urbanizable, así como facilitar a conexión entre o mesmo e o núcleo de Laxe. As melloras previstas apóianse en viarios existentes que reforzan e desembocan, por unha banda, na AC-433 vía principal na comunicación do núcleo urbano co interior do termo municipal, e na AC-431 arteria que percorre a costa e comunica Laxe cos concellos de Cabana e Ponteceso. Polo exposto, estas infraestruturas van axudar ás conexións deste sector coas principais direccións de comunicación do termo municipal, así mesmo van supor o aproveitamento e a mellora de trazados existentes polo que os impactos e os custes van ser de reducida importancia.

Tamén se inclúe dentro das melloras previstas polo PXOM o habilitamento da estrada AC-02-198.03 estrada Mordomo-Camelle que fortalecerá as comunicacións nesta dirección, así como a mellora do sistema xeral viario que une Coens e Rens.

Desta maneira pódese afirmar que as repercusións para todo o termo municipal, así como para o fluxo do tráfico e o fortalecemento do viario existente, son moi positivas dende todos os puntos de vista.

B) SISTEMAS DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

Nos sistemas de infraestruturas inclúense as redes de fornecemento e saneamento de auga, o sistema de recollida e xestión de residuos e a rede de fornecemento de enerxía eléctrica, a liña de telefonía e televisión, e o porto.

Para a valoración dos posíbeis impactos analízanse a continuación as repercusións do tratamento do PXOM deles.

B1) Fornecemento e saneamento de auga

▪ ***Fornecemento de auga***

Existen diferenzas entre a situación do núcleo urbano de Laxe e o resto do municipio. Na capital municipal, o subministro de auga está solucionado cunha rede suficiente e coa recente construción dun depósito para evitar os riscos que provocaba a preexistente. O fornecemento de auga non chega a tódolos núcleos e cando o fai, adoita abastecer ás construcións máis próximas á vía principal. A ausencia deste servizo comunitario, súplese coa construción individualizada de pozos.

A rede municipal urbana parte dun depósito xeral de recente construción situado no Monte de Santa Rosa. Deste depósito saen dúas tubarias xerais de fundición de Ø200mm e fibrocemento de Ø150mm que se ramifican abastecendo tódalas zonas do solo urbano.

Está prevista a execución dun **plan de mellora** nesta rede segundo un proxecto redactado por Augas de Galicia que conta con orzamento aceptado de 700.000€ que será sufragado integramente pola Consellería de Medio Ambiente dentro do plan de melloras hídricas da Costa da Morte.

▪ ***Saneamento de auga***

Na actualidade, só no casco urbano da capital do municipio existe unha rede de colectores e un sistema de depuración instalado. O resto do territorio municipal case carece totalmente de rede de saneamento, existindo unha pequena rede no núcleo do Centeal, na parroquia de Soesto, que desemboca nunha fosa séptica que se atopa practicamente fóra de servizo.

As distintas redes de saneamento, que se prevén e se recollen no PROXECTO INTEGRAL DE SANEAMENTO destinado a tal efecto, trazaranse seguindo, na medida do posible, as cuncas naturais.

O deseño da rede realizarase de forma que se consiga a menor lonxitude de colectores e a instalación das mínimas estacións de bombeo posibles en aras da economía da explotación, intentando a máxima concentración de núcleos para conseguir a menor instalación posible de E.D.A.R. para o tratamento de vertidos.

As redes proxectaranse por sistema separativo de forma que no casco urbano se dimensionen redes independentes de augas pluviais e augas fecais, na mentres que no ámbito rural deseñaranse tan só redes fecais, posto que as pluviais, suponse que discorrerán polas cunetas e desaugarán polas cuncas naturais correspondentes.

Para isto establécense tres agrupacións:

- *Agrupación I: Laxe – núcleo*. Contémplase deseñar e completar a rede de colectores separativa no casco urbano de Laxe, ademais do trazo dun colector xeral que recolla a cunca de Sanamedio ao que desaguará as parroquias de Serantes e Sarces, que cun pequeno bombeo final

incorpórase á rede de Laxe-casco rubano que a súa vez culminará nunha nova E.D.A.R. sita onde se ubicou a primitiva.

- *Agrupación II*: *Soesto*. Considérase este vertido como independente pola existencia dunha pequena rede de colectores que verte nunha fosa séptica existente e obsoleta, polo que será moi vantaxoso económica e socialmente completar a rede, reparala e mellorala e substituír a fosa existente por un tratamento adecuado.
- *Agrupación III:Traba.* Recolle a totalidade das parroquias de Traba e Nande, posto que o tratamento desta, última parroquia, en Rens, implicaría un vertido augas arriba da E.T.A.P. de Laxe no río Grande de Baio. Ante isto, inclinouse por substituír a E.D.A.R. por unha estación de bombeo e incorporar o afluente á agrupación de Traba a través dun emisario de 2 km de lonxitude que culmine no pozo de bombeo do Carballal, na parroquia de Traba. Ten como principal fin preservar a lagoa e os arroios, que a ela flúen, de calquera tipo de vertido actual ou futuro. Mediante bombeo trasladarase o afluente ata a E.D.A.R. sita na parte suroeste da Praia de Traba para o seu posterior vertido ao mar cumprindo a directiva de calidade das augas de baño, que a pesares de que a Praia de Traba non é apropiada para iso, considérase así a fin de preservar o seu entorno natural.

A primeira fase deste proxecto que ascende á cantidade de 3,1millóns de euros foi aprobada polo Consello de a Xunta de Galiza en decembro de 2004 e estase a executar na actualidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

B2) Xestión dos residuos sólidos urbanos (RSU)

O servizo de recollida dos residuos sólidos urbanos é realizada directamente polo Concello de Laxe, funcionando a diario no núcleo urbano de Laxe. Trátase dun sistema de recollida principalmente unitario para todo o municipio, a excepción do núcleo urbano que presenta contenedores para materia orgánica, plásticos e envases, vidro e papel e cartón. Aínda que a meirande parte das parroquias conta, ao menos, con contenedores para materia orgánica e viario, ademais dos contenedores de papel e cartón nos centros de educación.

Ata o de agora os residuos eran trasladados ao **vertedoiro** situado nunha zona orientada ao suroeste da Punta de Laxe. A insostenibilidade deste vertedoiro xa fixo que o concello actuara en consecuencia, e deseñouse un proxecto, incluído no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, que motivou o **selado** deste coa construción dunha zoa recreativa no seu lugar, e o traslado dos residuos á **ecoplanta de transferencia de Ponteceso**, compartida con este concello e o de Cabana. De aquí lévanse á planta de Cerdeda xestionada por SOGAMA.

A xestión realizada e proxectada polo Concello é correcta, pero sempre pode se mellorar, sobre todo en canto a recollida selectiva se refire. Este aspecto da xestión dos residuos podería ser máis potenciada sobre todo no núcleo urbano e outros núcleos rurais de maior importancia,

aínda que a súa xestión se levará a cabo a través de axudas supramunicipais. Isto último ten que ir acompañado de campañas de educación e divulgación para que a poboación comece a formarse e interesarse pola reciclaxe.

B3) Fornecemento de Enerxía eléctrica

O PXOM non prevé ningún cambio substancial sobre a liña de electricidade nin tampouco unha mellora no tipo de fonte de enerxía empregado, coma podía ser o emprego de enerxías máis limpas tales como a solar ou a eólica.

B4) Sistema Xeral Portuario

Áchase constituído polas obras e instalacións portuarias incluídas dentro dos límites da zona de servizo do porto de Laxe. Comprende tanto os accesos, dique de abrigo, peirao, ramplas e grúas como as edificacións ao servizo do porto tales como os departamentos, confraría de pescadores, lonxa, cruz vermella,...

Existe un "Anteproxecto de Remodelación da Dársena do Porto de Laxe" elaborado pola área de Proxectos e Obras de Portos de Galicia en xullo de 2006.

B5) Sistema Xeral de Paseo Merítimo

O paseo marítimo de Laxe é un sendeiro peonil dotado de mobiliario urbano que bordea a praia da Vila enlazando a zona portuaria fronte a praza Ramón Juega co límite leste da praia fronte a urbanización "*Los Peñascales*".

No PXOM proponse unha nova senda peonil de similar carácter que iría dende o dique de abrigo do porto ata a nova zona verde que se está a crear na canteira.

A demarcación de costas ten redactado o proxecto dunha senda litoral une a Vila de Laxe coa praia de Soesto que xa está a ser acondicionada.

C) EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS

Na seguinte táboa móstrase os equipamentos, pertencentes ao sistema xeral, existentes no municipio de Laxe.

SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS EXISTENTES			
Nº	NOME	SUP. (m^2)	USO PORMENORIZADO
EQ-01	INSTITUTO CABO DE AREA	22.183	Docente
EQ-02	C. SAÚDE	706	Sanitario
EQ-03	POLIDEPORTIVO	2.370	Deportivo
EQ-04	PISCINA	2.907	Deportivo
EQ-05	CONCELLO	610	Administrativo
TOTAL		**28.776**	

Como se pode comprobar o concello de Laxe conta cos equipamentos básicos no sistema xeral. A unidade ambiental 1, núcleo urbano, é a que abrangue a meirande parte dos equipamentos, que como se verá liñas adiante acontece tanto no sistema xeral coma no local, si ben é certo que existe unha lóxica xustificación do mesmo, centrada na capitalidade municipal. O déficit existente na dotación de equipamentos verase paliado coa creación de novos equipamentos recollidos na táboa que segue:

SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DE NOVA CREACIÓN			
Nº	SUP. (m^2)	USO PORMENORIZADO	XESTIÓN
EQ-06	823	Socio-cultural	P. MUNIC
EQ-07	3.706	Deportivo	P. MUNIC
EQ-08	2.017	Deportivo	P. MUNIC
EQ-09	1.890	Asistencial	P. MUNIC
EQ-10	14.600	Deportivo	S. UBLE-1
EQ-11	7.573	Asistencial	UBLE 4
EQ-12	127	Sociocultural	P. MUNIC
EQ-14	60.000	Servizos do litoral	
TOTAL	**99.279**		

No que se refire aos equipamentos pertencentes ao sistema local, cabe dicir que o PXOM non prevé ningún equipamento de nova creación. Polo que respecta aos equipamentos existentes, na seguinte táboa recóllese un listado dos mesmos:

SISTEMA LOCAL DE EQUIPAMENTOS				
UBICACIÓN	NOME	USO	TITULARIDADE	SUPERFICIE M^2
Aplazadoiro	Centro Social	Socio-cultural	Municipal	**483**
	Pista descuberta	Deportivo	Municipal	**500**
A Torre	Escola unitaria ax. lectura	Docente	Municipal	**370**
Melgueiras	CEIP Campo dos Bois e pista deportiva	Docente	Municipal	**790**
Transfontans	Local social AAVV e pista	Socio-cultural	Privada	**588**
Castrelo	Pista deportiva e campo da festa	Deportivo	Privada	**1.182**
	Equipamento	Deportivo	Municipal	**2.960**
Laxe	Biblioteca	Socio-cultural	Municipal	**270**
	Salón de Actos	Socio-cultural	Municipal	**150**
	Protección Civil	Asistencial	Municipal	**100**
	Casa do mar	Asistencial	Municipal	**184**
	Mercado	Sen uso pormenorizado	Municipal	**150**
	Igrexa e cemiterio parroquia de Laxe	Relixioso	Privada	**150**
TOTAL				**7.877 m^2**

Ademais destas dotacións, cómpre considerar nas distintas parroquias do municipio, en terreos clasificados como núcleo rural ou como solo rústico, equipamentos privados de carácter relixioso compostos pola igrexa e o cemiterio parroquial. Así temos os casos da Igrexa de Matío (parroquia de Nande), As Virtudes (Sarces), Conlle (Serantes), Soesto e a igrexa preto das Melgueiras (Traba), ademais do cemiterio parroquial de Laxe e dúas pequenas capelas en Aplazadoiro e no Monte de Santa Rosa.

Na última táboa móstrase de forma resumida o número total de equipamentos existentes e a súa distribución entre sistema xeral e sistema local, así como entre os existentes e os que se prevén co PXOM.

EQUIPAMENTO	SISTEMA XERAL		SISTEMA LOCAL		TOTAL
	EXISTENTE	PREVISTO	EXISTENTE	PREVISTO	
DOCENTE	1		2		**3**
ADMINISTRATIVO	1				**1**
SANITARIO	1				**1**
ASISTENCIAL		2	2		**4**
SOCIO-CULTURAL		3	4		**7**
DEPORTIVO	2	3	2	1	**8**
RELIXIOSO		1	9		**10**
MERCADO			1		**1**
SERVIZOS DO LITORAL		1			**1**
TOTAL	**5**	**10**	**20**	**1**	**36**

Pódese afirmar pois que a asignación dos servizos e equipamentos contemplada no PXOM repercute positivamente no municipio, que por outra banda, co desenrolo do Parque Empresarial é previsible que a demanda destes servizos aumente, sobre todo dos de carácter comercial.

D) ESPAZOS LIBRES

A seguinte táboa resume os espazos libres existentes no concello de Laxe:

SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES EXISTENTES		
Nº	**NOME**	**SUP. (m^2)**
Z.V.-1	CANTEIRA	15.114
Z.V.-2	MIRADOR DA CRUZ	2.225
Z.V.-3	PZ. RAMÓN JUEGA	455
Z.V.-4	PZ. DOS VOLUNTARIOS	6.911
TOTAL		**24.705**

Cómpre dicir que o PXOM prevé a ampliación da praza dos Voluntarios como mellora dos espazos libres existentes. Todas as zonas verdes pertencestes ao sistema xeral de zonas verdes existentes concéntranse na parroquia de Laxe, sendo aínda así insuficiente ao considerar que este é o núcleo de poboación que máis efectivos concentra en todo o concello, ademais de ter que

atender, dado a súa funcionalidade de capital municipal, a todo o volume demográfico do termo municipal.

Para iso, e dada a capacidade residencial proxectada, o PXOM contempla a delimitación dos seguintes espazos libres incluídos nos sistemas xerais:

SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES DE NOVA CREACIÓN			
Ubicación	**Nº**	**NOME**	**SUP. (m^2)**
Laxe	Z.V.-5	Praia de Laxe	**45.805**
	Z.V.-6	Monte da Insua	**304.658**
	Z.V.-7	Sta. Rosa	**52.634**
	Z.V.-8	Insua II	**57.511**
	Z.V.-9 A	Insua III	**2.987**
	Z.V.-9 B	Insua III	**8428**
Torre Virtudes	Z.V.-10		**17.500**
Matío	Z.V.-11		**3.000**
TOTAL			**517.228 m^2**

A estes Sistemas Xerais engádenselle os pertencentes aos Sistemas Locais que lle recollen na táboa que segue:

SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES EXISTENTE	
DENOMINACIÓN	SUP. (m^2)
Pz. Rúa Sta. Rosa (Laxe)	426
Pz. do Areal (Laxe)	237
Rúa do Cantón (Laxe)	164
Pz. Mercado (Laxe)	290
Rúa Atalaya/Paseo (Laxe)	1.105
SISTEMA LOCAL PROPOSTO	
Subida dos Plazuelas (Laxe)	180
Rúa Atalaia (Laxe)	2.069
Campo escarabajo (Laxe)	1.510
Isidro Parga Pondal (Laxe)	154
Valle Inclán	1.210
Fenllido	3.475
Parque infantil (Boaño)	1.383
Zonas públicas (Transfontáns)	636
Espazo libre en Coens	176
TOTAL	**19.120**

Con estes espazos libres quedarían máis que cubertos os estándares esixidos pola LOUPMRG.

Os espazos libres da Canteira, Miradoiro da Cruz, A Insua e Brañas Mouras están en Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais (os incluídos na A.I.A. da Praia de Laxe e Brañas Mouras) e das Costas. Isto supón dotar de infraestruturas de acceso e de aproveitamento sostible a uns espazos con elevados valores ambientais e educativos. Neste senso proporanse

algunhas medidas de actuación (no apartado de medidas correctoras e compensatorias) para aumentar os beneficios destas delimitacións.

Pódese concluír pois, que as repercusións do PXOM sobre o sistema de espazos libres son moi positivas.

4. CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PXOM DE LAXE

Unha vez analizadas as repercusións de cada unha das accións sobre cada factor ambiental de cada unidade ambiental procédese ao acopio de ditos impactos para cada unha delas.

UNIDADE AMBIENTAL 1: O núcleo urbano

A maior parte das determinacións do PXOM sobre esta unidade ambiental son positivas. Isto é así debido a que as delimitacións que lle afectan son as de "Solo Urbano Consolidado" e "Solo Urbano Non Consolidado", principalmente, as cales supoñen unha regularización da tipoloxía da edificación, unha normalización dos usos a desenvolver e, sobre todo, unha ordenación dos procesos de urbanización.

Unicamente, dado que se permite o uso industrial de primeira e segunda categoría, as actividades que o desenvolvan deben axustarse ás normativas sobre residuos, emisións e ruídos e vibracións moi estritamente, dada a súa incursión en áreas residenciais.

Os factores físico- naturais non se van ver afectados en liñas xerais, posto que as delimitacións van repercutir sobre sectores urbanizados e parcialmente urbanizados, xunto con pequenas superficies destinadas a cultivos e prados artificiais.

As afeccións sobre a paisaxe serán previsiblemente positivas ao regular as normas de edificación. Sen embargo, pode depender do rigor urbanístico con que se desenvolvan ditos procesos de urbanización o seu resultado final.

En definitiva, as determinacións do PXOM sobre a unidade ambiental 1, ou núcleo urbano, repercuten dunha forma positiva, aínda que se pode recordar a lexislación ambiental referinte á distribución a vertidos, emisións, ruídos e vibracións.

UNIDADE AMBIENTAL 2: Os núcleos rurais

Os impactos máis relevantes sobre a unidade ambiental dos núcleos rurais son positivos posto que as delimitacións de núcleo rural orixinario e áreas de expansión concentran as áreas a urbanizar e fomentan unha tipoloxía tradicional das edificacións.

As repercusións sobre os factores físico- naturais non van ser significativos posto que a maior parte da superficie desta unidade áchase xa edificada. É por isto polo que os impactos se limitarán ás obras de construción que aínda se poidan realizar. A súa duración será, por tanto, moi limitada, e os seus efectos reversibles.

UNIDADE AMBIENTAL 3: Vales e costa

Esta unidade ambiental, polas súas características ambientais, é a máis poboada e, por tanto, é a unidade que máis repercusións do PXOM vai sufrir.

Sobre ela van a repercutir **todas as accións do PXOM**, exceptuando a clasificación de Solo Urbano Consolidado.

Durante a fase de explotación, é dicir, de ocupación das vivendas ou instalacións industriais, as afeccións máis relevantes derivarán do funcionamento dos sistemas de abastecemento e saneamento de auga, os cales se verán considerablemente incrementados.

No tocante á hidroloxía non vai sentir importantes repercusións posto que se respecta a zona de policía dos 100 metros na meirande parte dos ríos ou regatos, sendo positivas.

De menor importancia tamén se consideran as repercusións derivadas da ocupación de solo de certa calidade agrolóxica nalgúns casos, ou con cuberta arbórea noutros, posto que se corresponden con superficie adicada a pasteiros e cultivos anuais, a mato ou mato pasteiro ou ben a eucalipto e piñeiro, se ben, a superficie ocupada por estes últimos é insignificante.

Así, as afeccións sobre a vexetación, e con isto, sobre a fauna e a ecoloxía, (o medio biótico en xeral) van ser moi pouco significativas posto que os hábitats afectados son predominantemente hábitats antrópicos ou moi alterados polo home.

O sistema xeral de espazos libres poderá afectar as Áreas de Interese Ambiental, dunha forma positiva, posto que a delimitación de espazos libres no carón da Praia de Laxe, supón o recoñecemento dos seus valores ambientais e educativos. Aínda así, proponse algunhas medidas para potenciar aínda máis o aproveitamento destes valores dun xeito sostible. Por outra banda, tamén cómpre destacar a creación dun servizo do litoral en Soesto, co acondicionamento de sendas verdes que posibilitarán a posta en valor dos valores naturais e paisaxísticos desta gran área.

En canto á paisaxe, poderá verse afectada positiva ou negativamente en función do rigor urbanístico co que se sigan as determinacións da lei 9/2002 ou as ordenanzas do PXOM, sobre todo en canto a Solo Urbanizable de uso residencial. En canto ao solo industrial se refire, os impactos paisaxísticos poden ser importantes se non se executasen certas medidas correctoras.

Os aproveitamentos agrícola, gandeiro e forestal, vense moi beneficiados coas determinacións do PXOM, cos Solos Rústicos de Protección correspondentes, posto que se ceñiron ás aptitudes do terreo para as mesmas.

Sobre o medio socio-económico a maior parte das determinacións do PXOM son positivas posto que se incrementa a oferta de vivendas e o desenvolvemento industrial do municipio. Desta maneira, os sectores da construción e industrial desenvolveranse, aumentado así o emprego, e propiciando a medra doutros sectores dependentes dos mesmos como é o caso do sector comercial. As protecciónns do solo rústico, permiten a permanencia e o desenvolvemento do sector primario e, aínda que en principio poida supor unha traba maior para a xestión das propiedades rurais, convértese nunha ferramenta que posibilita o desenvolvemento coa conservación dinámica dos recursos naturais do municipio. Á súa vez, tamén axuda a aumentar a calidade de vida dos habitantes de Laxe e a propulsar o sector turístico. En definitiva, as protecciónns benefician á sociedade e á economía a un prazo algo máis longo.

Os sistemas xerais e locais resultan beneficiosos para todos os factores ambientais ou, ao sumo, indiferentes. Especialmente positivo para o poboamento é o proxecto do sistema xeral viario, que axudará a desconxestionar o núcleo urbano; así como o selado do vertedoiro e a delimitación dos espazos libres, acertadamente elixidos nas Áreas de Interese Ambiental, posto que contribuirán non solo as súas funcións de recreo ou esparcemento, tamén a fomentar a educación ambiental.

Como conclusión final, sobre as afeccións sufridas na unidade ambiental de Vales e costa, pódese afirmar que os impactos negativos sufridos son compatibles e asumíbeis sempre que se poñan en marcha certas medidas correctoras, e máis tendo en conta a presenza de importantes impactos positivos.

UNIDADE AMBIENTAL 4: Áreas de transición

Esta unidade, lixeiramente menos poboada, que a anterior, vai verse afectada polas delimitacións de solo de núcleo rural e as súas áreas de expansión, ademais de polos Solos Rústicos.

As características do solo e a vexetación ocupada son as mesmas que na unidade anterior, polo que as repercusión sobre o medio abiótico serán igualmente de moi escasa entidade (hábitats principalmente antrópicos).

As repercusións sobre a paisaxe poden considerarse positivas nesta unidade ambiental, posto que só se ve afectada pola clasificación de solo de núcleo rural e área de expansión rural, as cales contribúen a mellorar a paisaxe rural; ademais das clasificacións de solo rústico, tamén positivas para a paisaxe.

As delimitacións de solo rústico de protección cobran nesta unidade unha maior importancia debido á maior superficie destinada ao aproveitamento gandeiro e forestal, sobre todo. Así, os seus efectos son indiscutiblemente positivos sobre o medio natural, e a máis longo prazo, igualmente positivos para o medio socioeconómico.

Sobre o medio socio-económico, tamén as determinacións do PXOM resultan na súa inmensa maioría beneficiosas, da mesma forma que na unidade ambiental 3.

